



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL DO PLENO**

**RESUMO DOS ACORDOS DO PLENO ORDINARIO DO CONCELLO DO DÍA 3  
DE DECEMBRO DO ANO 2021**

**1.- Aprobación das actas dos plenos extraordinario do 14 de setembro de 2021 e do extraordinario en substitución do ordinario do 6 de outubro de 2021**

Apróbanse por unanimidade dos presentes as actas correspondentes á sesión extraordinaria do 14 de setembro de 2021 e a extraordinaria en substitución da ordinaria do 6 de outubro de 2021.

**2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial dos seguintes:**

- Decreto núm. 8290, do 9/11/2021, sobre delegación temporal das funcións da Área de Servizos Sociais, que están atribuídas á concelleira dona Eugenia Díaz Abella, na concelleira dona Flora Moure Iglesias o día 12 de novembro de 2021.

O Concello Pleno deuse por informado dos decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende a data de celebración do último Pleno.

**3.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía-Presidencia de delegacións de competencias (núm. 2021008422)**

**DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN DE  
COMPETENCIAS**

Consonte establece o artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o alcalde ten atribuída a facultade de delegar determinadas atribucións, na Xunta de Goberno local, nos seus membros, e nos demais concelleiros e concelleiras e incluso, en outros órganos de nova creación, derivado da súa facultade de establecer a organización e estrutura da administración municipal executiva.

Visto o decreto nº 2021007312 de data 29/09/2021 polo que se aproba a estrutura das áreas que integran o Goberno municipal e o decreto nº 2021007311 , da mesma data,

sobre áreas reservadas á Alcaldía, e delegación de competencias na área de Servizos Xerais, no concelleiro D. Armando Ojea Bouzo.

Considerando a necesidade de adecuar o réxime de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local e nos/as concelleiros/as a determinadas necesidades organizativas, e vistos, entre outros, os artigos 43, 44, 120 e 121 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público,

### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Quedarán baixo a directa dependencia da **Alcaldía** , as seguintes :

1. **Dirección e coordinación das áreas delegadas do Goberno Municipal**, mediante o exercicio das seguintes competencias:

- a) A dirección da política, goberno e administración municipal (artigo 124.4.b) da LBRL).
- b) O establecemento das directrices xerais da acción de goberno, asegurando a súa continuidade (artigo 124.4.c) LBRL)
- c) A superior dirección do persoal ao servizo da administración municipal – artigo 124.4.i) LBRL)
- d) As facultades de control do exercicio das competencias delegadas previstas no artigo 37.1 do Regulamento orgánico.
- e) As funcións de representación e dirección política do Concello previstas nos apartados a), d), e), f) e g) do artigo 124.4 LBRL.

Da xefatura desta área , dependerán directamente :

- Director Xeral de Administración Municipal
- Director Xeral de Innovación , Tecnoloxía , e Intelixencia Artificial.
- Director Xeral de Recursos Humanos
- Asesoría Xurídica
- Abogacía Consistorial
- Sistemas de información



**CONCELLO DE OURENSE  
SECRETARIA XERAL**

**2. RECURSOS HUMÁNS**

**3. PROMOCIÓN ECONÓMICA**

3.1.- Emprego e Formación Ocupacional

3.2.- Recursos Europeos

3.3.- OMIC

3.4- Comercio

**4. INFRAESTRUCTURAS**

4.1.- Obras.

4.2.- Servizo de augas.

4.3.- Servizo eléctrico.

4.4- Mantemento viario e mobiliario urbán.

**5. EDUCACIÓN E CULTURA**

**5. EDUCACIÓN E CULTURA**

5.1.- Festexos, Artes escénicas, Exposicións e museos

5.2- Educación

**6. MOBILIDADE E TRANSPORTE**

**7. SERVIZOS XERAIS**

**8. CONTRATACIÓN:** A xestión das contratacións suxeitas á Lei de contratos do sector público, exceptuados os contratos menores, e sen prexuízo do establecemento de instrucións xerais para a coordinación dos procedementos de contratación menor, que corresponderá a esta área.

**Segundo.-** Efectuar a delegación da Área de **SERVIZOS XERAIS** , en don Armando Ojea Bouzo, co alcance que a continuación se especifica, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.

- Arquivos e rexistros administrativos: A xestión dos arquivos e rexistros **administrativos** (sen prexuízo da súa superior dirección pola Oficialía Maior, conforme ao establecido na Disposición Adicional 8ª, apartado d) da Lei de Bases do Réxime Local, en relación co artigo 3.2.1) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)
- A xestión dos servizos comúns ao conxunto da administración municipal non atribuídos de forma específica a outra área.
- Parque móbil
- Cooperación Institucional

**Terceiro.-** A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da **preceptiva** publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

**Cuarto.-** Nas resolucións que se adopten no exercicio da delegacións conferidas por esta Alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data desta resolución.

**Quinto.-** Notificarlle persoalmente a presente resolución aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do/a delegado/a. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o/a concelleiro/a ou o órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Sexto.-** Revogar parcialmente os decretos nº 2021007312 de data 29/09/2021 polo que se aproba a estrutura das áreas que integran o Goberno municipal e o decreto nº 2021007311 , da mesma data, sobre áreas reservadas á Alcaldía, e delegación de competencias na área de Servizos Xerais, no concelleiro D. Armando Ojea Bouzo , no que resulte incompatible co disposto no presente.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

**Sétimo.-** Darlle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

O Concello Pleno dáse por informado.

**4.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía-Presidencia sobre as áreas de goberno (núm. 2021008454)**

**DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

Consonte establece o artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o alcalde ten atribuída a facultade de delegar determinadas atribucións, na Xunta de Goberno local, nos seus membros, e nos demais concelleiros e concelleiras e incluso, en outros órganos de nova creación, derivado da súa facultade de establecer a organización e estrutura da administración municipal executiva.

Visto o decreto nº 2021007312 de data 29/09/2021 polo que se aproba a estrutura das áreas que integran o Goberno municipal e o decreto nº 2021007311 , da mesma data, sobre áreas reservadas á Alcaldía, e delegación de competencias na área de Servizos Xerais, no concelleiro D. Armando Ojea Bouzo.

Considerando a necesidade de adecuar o réxime de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local e nos/as concelleiros/as a determinadas necesidades organizativas, e vistos, entre outros, os artigos 43, 44, 120 e 121 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público,

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Quedarán baixo a directa dependencia da **Alcaldía** , as seguintes:

1. **Dirección e coordinación das áreas delegadas do Goberno Municipal**, mediante o exercicio das seguintes competencias:
  - a. A dirección da política, goberno e administración municipal (artigo 124.4.b) da LBRL).
  - b. O establecemento das directrices xerais da acción de goberno, asegurando a súa continuidade (artigo 124.4.c) LBRL)

- c. A superior dirección do persoal ao servizo da administración municipal – artigo 124.4.i) LBRL)
- d. As facultades de control do exercicio das competencias delegadas previstas no artigo 37.1 do Regulamento orgánico.
- e. As funcións de representación e dirección política do Concello previstas nos apartados a), d), e), f) e g) do artigo 124.4 LBRL.

Da xefatura desta área , dependerán directamente :

- Director Xeral de Administración Municipal
- Director Xeral de Innovación , Tecnoloxía , e Intelixencia Artificial.
- Director Xeral de Recursos Humanos
- Asesoría Xurídica
- Abogacía Consistorial
- Sistemas de información

## **2. RECURSOS HUMÁNS**

## **3. PROMOCIÓN ECONÓMICA**

3.1.- Emprego e Formación Ocupacional

3.2.- Recursos Europeos

3.3.- OMIC

3.4- Comercio

## **4. INFRAESTRUCTURAS**

4.1.- Obras.

4.2.- Servizo de augas.

4.3.- Servizo eléctrico.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

4.4- Mantemento viario e mobiliario urbán.

**5. EDUCACIÓN E CULTURA**

5.1.- Festexos, Artes escénicas, Exposicións e museos

5.2- Educación

**6. MOBILIDADE E TRANSPORTE**

**7. SERVIZOS XERAIS: CONTRATACIÓN:** A xestión das contratacións suxeitas á Lei de contratos do sector público, exceptuados os contratos menores, e sen prexuízo do establecemento de instrucións xerais para a coordinación dos procedementos de contratación menor, que corresponderá a esta área.

**Segundo.-** Efectuar a delegación da Área de **SERVIZOS XERAIS** , en don Armando Ojea Bouzo, co alcance que a continuación se especifica, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.

- Arquivos e rexistros administrativos: A xestión dos arquivos e rexistros administrativos (sen prexuízo da súa superior dirección pola Oficialía Maior, conforme ao establecido na Disposición Adicional 8ª, apartado d) da Lei de Bases do Réxime Local, en relación co artigo 3.2.1) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)
- A xestión dos servizos comúns ao conxunto da administración municipal non atribuídos de forma específica a outra área.
- Parque móbil
- Cooperación Institucional

**Terceiro.-** A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

**Cuarto.-** Nas resolucións que se adopten no exercicio da delegacións conferidas por esta Alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data desta resolución.

**Quinto.-** Notificarlle persoalmente a presente resolución aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do/a delegado/a. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o/a concelleiro/a ou o órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Sexto.-** Revogar parcialmente os decretos nº 2021007312 de data 29/09/2021 polo que se aproba a estrutura das áreas que integran o Goberno municipal e o decreto nº 2021007311 , da mesma data, sobre áreas reservadas á Alcaldía, e delegación de competencias na área de Servizos Xerais, no concelleiro D. Armando Ojea Bouzo , no que resulte incompatible co disposto no presente.

**Sétimo.-** Darlle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

O Concello Pleno dáse por informado.

## **5.- Posta en coñecemento do acordo de “Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local” (XI e XII)**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

### **21.- Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**PRIMEIRO.- Delegar** con carácter xeral, sen prexuízo das delegacións específicas que se determinan no punto segundo, e unicamente no ámbito das materias propias da súa área ou delegación, na Alcaldía e nos concelleiros aos que se lles atribúen responsabilidades de goberno, as seguintes competencias da Xunta de Goberno local:

a) O exercicio da potestade sancionadora en xeral e a adopción de medidas cautelares por incumprimento do disposto nas ordenanzas municipais, cando non estivese expresamente atribuída ao Alcalde por Lei, no ámbito das competencias que lles delegue a Xunta de Goberno Local en relación coa área ou servizo que lles atribúa, salvo os





**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

expedientes disciplinarios incoados ao persoal funcionario municipal por falta moi grave con proposta de separación do servizo que non resulta delegable.

b) En xeral os actos de impulsión e mero trámite dos expedientes cuxa resolución final sexa competencia da Xunta de Goberno e esta non as teña delegado, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa.

c) Contratación de carácter menor de acordo co establecido no orzamento municipal e as súas bases de execución (inclúe autorización e disposición). Asemade delégase, no seu caso, a designación do persoal municipal responsable do contrato.

d) A solicitude, tramitación e xustificación de subvencións.

e) A resolución dos expedientes de concesión de subvencións, premios e bolsas, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa. Quedan exceptuadas as subvencións para a rehabilitación de vivendas nos ARRU declarados no termo municipal de Ourense, respecto das cales, a competencia permanecerá na Xunta de Goberno Local.

f) Aprobación de convenios nos termos e formalidades esixibles na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aquela que a veña a substituír, agás aqueles que conteñan obrigas de carácter económico para o Concello.

g) Aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo, correspondente ás obras nas vías e terreos de uso público, edificacións afectas ao servizo público ou calquera outro ben de carácter patrimonial.

h) A resolución dos recursos de reposición que se presenten contra os decretos que se ditan no exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Goberno local, conforme ó establecido no artigo 115.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**SEGUNDO.- Delegar** nos seguintes concelleiros e na Alcaldía, con carácter específico, as seguintes competencias:

**1.- Delegar no concelleiro don Jorge Pumar Tesouro en relación coa Área de MEDIO AMBIENTE:**

En materia de medio ambiente:

1.1- A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

1.2- O exercicio da potestade sancionadora de conformidade co previsto no artigo 26 da ordenanza municipal reguladora de limpeza de terreos e soares e de protección contra incendios forestais.

1.3- Exercer a potestade sancionadora e a adopción de medidas cautelares e de execución subsidiaria en materia de disciplina ambiental, salvo que por Lei se atribúan a outros órganos municipais.

1.4- A aprobación dos proxectos de obras.

**2.- Delegar na concelleira dona **Sonia Ogando Vázquez** en relación coa Área de **URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO:****

2.1- En materia de urbanismo:

a) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas para obras que non requiran proxecto técnico, conforme ó disposto na normativa vixente de ordenación da edificación.

b) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas de primeira ocupación.

c) A tramitación, concesión, denegación e revogación dos títulos administrativos habilitantes de natureza urbanística para a instalación de carteis publicitarios.

d) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas de ocupación da vía pública municipal e doutros bens de uso público municipal (guindastres, estadas, colectores de residuos de obra, etc...)

e) Acordos sobre renuncia á súa utilización e transmisión de licenzas de contido urbanístico, formuladas polo titular das mesmas.

f) A adopción de resolucións sobre devolucións de fianzas para responder de danos á vía pública na execución de obras ou na ocupación da vía pública.

g) Tramitación de expedientes correspondentes a títulos habilitantes para a apertura, funcionamento, instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade recreativa, espectáculo público, económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, aínda sexan de foma eventual ou de temporada, incluso en zonas privadas, suxeitas ao ámbito de competencias do Concello, segundo o establecido na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou calquera que veña a substituíla ou modificala.

h) Tramitación e, no seu caso, resolución de expedientes de expedición de títulos habilitantes en materia urbanística nos supostos de declaración responsable e comunicación previa.

i) Tramitación e emisión de requirimentos de corrección de deficiencias a actividades comerciais, industriais e profesionais cuxa instalación e funcionamento estivesen autorizados ou comunicados (incluídas as actividades cualificadas).



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

j) Tramitación e, cando proceda, resolución dos expedientes para a instalación de rótulos comerciais vinculados a unha actividade.

k) Desestímato ou renuncia de solicitudes de tramitación de procedementos en materia urbanística.

l) Declaración de caducidade por simple inactividade do interesado na cumprimentación de trámites indispensables para ditar resolución, de conformidade co previsto na normativa sobre procedemento administrativo común.

m) Subscribir convenios de colaboración previstos na lexislación urbanística para a execución das obras de urbanización nos distintos sistemas de actuación.

n) Resolver sobre a recepción provisional e definitiva das obras de urbanización.

ñ) Presidir o levantamento das actas previas nos expedientes de expropiación, así como as de depósito e ocupación, e as de mutuo acordo, pago e ocupación.

o) Resolver sobre a devolución de fianzas e garantías depositadas para responder das obrigas urbanísticas.

2.2- En materia de patrimonio:

a) A incoación e tramitación de expedientes administrativos de investigación, deslinde, recuperación de oficio e desafuzamento de bens, tanto de dominio público como patrimoniais de titularidade municipal.

b) As competencias de incoación e instrucción dos expedientes de responsabilidade patrimonial.

c) Incoación, tramitación e resolución de accións de regreso contra os concesionarios ou contratistas por responsabilidade patrimonial cando o importe sexa inferior a 15.000 euros.

**3.- Delegar no concelleiro don José Mario Guede Fernández, en materia de DEPORTES:**

- As de carácter xenérico.

**4.- Delegar na concelleira dona Flora Moure Iglesias, en relación coa Área de TURISMO, TERMALISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ e XUVENTUDE:**

a) As de carácter xenérico.

b) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

**5.- Delegar na concelleira dona **Eugenia Díaz Abella** en relación coa Área de **SERVIZOS SOCIAIS:****

5.1- En materia de asuntos sociais:

a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: a tramitación e resolución en materia de concesións, tales como kioscos, revogación ou denegación de reservas de aparcamento e tarxetas de estacionamento á persoas con discapacidade.

b) Tramitación e resolución en materia de concesión, revogación ou denegación de axudas económicas individualizadas non periódicas; do servizo de axuda no fogar; do servizo de teleasistencia domiciliar e do servizo do centro de día.

c) Concesión directa de subvencións por motivos de interese humanitario debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública e teñan por beneficiario a persoas físicas, con importe igual ou inferior a 5.000 euros, segundo o disposto na Lei xeral de subvencións, na súa normativa de desenvolvemento e nas bases de execución do orzamento municipal aprobado para cada exercicio económico.

5.2- En materia de saúde:

a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: as licenzas por tenza de animais potencialmente perigosos; a concesión de dereitos funerarios e expedición de documentos acreditativos da titularidade dos mesmos, así como o cambio de titularidade; gravación de lápidas.

b) Tramitación e resolución de expedientes relativos á xestión de animais recollidos no refuxio municipal de Eiroás; en particular, a declaración en vía administrativa da condición de animal abandonado conforme ao previsto na Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

5.3- En materia de Muller e Igualdade:

a) Muller: inclúe centro de información á muller e casa de acollida.

b) Políticas de igualdade.

**6.- Delegar no concelleiro don **Telmo Manuel Ucha Álvarez** en relación coa Área de **SEGURIDADE CIDADÁ:****

a) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas para a entrada de vehículos; reserva de estacionamento para carga e descarga de mercadorías de calquera



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

clase na vía pública, así como a modificación de esta, a súa transmisión, renuncia e revogación.

b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de vaos.

**7.-** Delegar na concelleira dona **Ana María Fernández Morenza** en relación coa Área de **ECONOMÍA E FACENDA**:

a) O recoñecemento de obrigas, excepto en materia de gastos de persoal.

b) En relación aos ingresos de natureza non tributaria: a aprobación das liquidacións e padróns correspondentes, así como os actos resolutorios nos procedementos de recadación e xestión en vía voluntaria en relación aos mesmos.

c) Revisión de prezos.

d) Aprobación de liquidacións de empresas concesionarias.

e) Anticipos de caixa fixa e pagos a xustificar.

f) Colocación de excedentes de tesouraría.

g) Devolucións de ingresos de carácter non tributario.

h) Aprobación de contas xustificativas de subvencións concedidas.

i) Aceptación de cesións a título gratuito de bens inmobles e dereitos.

**8.-** Delegar no concelleiro **don Armando Ojea Bouzo** en relación coa Área de **SERVICIOS XERAIS**

As de carácter xenérico.

**1-** En materia de **comercio**:

a) A concesión de autorizacións de uso común especial normal ou ocupación das vías públicas, así como réxime sancionador (inicio e resolución) e a declaración da súa caducidade nos seguintes supostos:

- Instalación de mesas, veladores, cadeiras, sombrillas, xardineiras, mamparas ou calquera outro tipo de separador para uso hosteleiro.
- Incoación, concesión ou revogación de autorizacións para a venda ambulante (agás as que estean vinculadas á celebración de festas organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas dos barrios de Ourense).

b) A adopción de medidas cautelares.

c) O exercicio da potestade sancionadora pola venda na vía pública fóra de establecementos comerciais permanentes.

d) A concesión de autorizacións de postos de venda nos mercados municipais: Praza de Abastos nº 1 e Praza de Abastos nº 2.

e) Publicidade en Mupis na vía pública.

f) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano, (inclúese especificamente a tramitación, concesión, ou revogación de licenzas para venda ambulante, agás as que estean vinculadas á celebración de festas organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas do barrios de Ourense).

g) A concesión de autorizacións para actividades varias que impliquen a ocupación temporal de dominio público e que non estean atribuídos de forma expresa a outro departamento municipal (a título de exemplo: mesas informativas, actividades recreativas e artísticas temporais na vía pública, actividades promocionais e outras de semellante natureza).

**9.- Delegar na Alcaldía** en relación coas seguintes áreas:

### **9.1- RECURSOS HUMANOS:**

a) A xestión do persoal.

b) O desenvolvemento da xestión económica, incluíndo a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas; así como a disposición de gastos para anticipos de haberes ó persoal.

c) Despido do persoal laboral.

d) Aprobación de bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo.

e) Réxime disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano.

f) Calquera outra decisión en materia de persoal non atribuída expresamente a outro órgano.

g) O exercicio das atribucións de xestión da negociación colectiva no ámbito do Concello de Ourense, comprendendo as seguintes facultades:

- A representación do Concello na Mesa Xeral de Negociación.
- A facultade de convocar ás organizacións sindicais integrantes da Mesa Xeral para a realización de reunións, de oficio ou a petición destes.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

- A facultade de propoñer a negociación de pactos e acordos en calquera materia suxeita a negociación colectiva, así como a de negociar calquera proposta formulada polos suxeitos lexitimados, sen prexuízo da necesidade, para a súa aprobación e efectividade, da posterior ratificación dos pactos ou acordos acadados polos órganos municipais competentes en cada caso.

No exercicio das súas facultades de xestión da negociación colectiva, o Alcalde estará asistido polo Coordinador Xeral de Administración Municipal e o Director Xeral de Recursos Humanos, así como por calquera outro órgano directivo ou funcionario municipal que estime oportuno, que asistirán, cando sexan requiridos pola Alcaldía, con voz pero sin capacidade decisoria, ás sesións da Mesa Xeral de Negociación. Igualmente, poderán asistir á Mesa Xeral de Negociación o resto de concelleiros delegados, cando consideren que a negociación afecte a materias da súa competencia, sen prexuízo de que a representación da Administración municipal corresponda á Alcaldía.

### 9.2- SERVIZOS XERAIS

#### - En materia de **contratación**:

1.- A adopción da totalidade dos actos de trámite e resolución nos procedementos de contratación suxeitos ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, agás os seguintes actos:

a) Os relativos á contratación menor, que corresponderán á Alcaldía ou aos concelleiros–delegados por razón da materia, conforme ao apartado primeiro, letra c) deste acordo.

b) Os actos de aprobación dos expedientes de contratación e aprobación dos pregos de cláusulas económico – administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, así como as súas modificacións.

c) A adxudicación de contratos de concesión de servizos e concesión de obras públicas, así como a adxudicación dos contratos de servizos á cidadanía previstos no artigo 312 da Lei de Contratos do Sector Público.

d) A adxudicación dos contratos nos que os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor representen máis do 25 % da puntuación total posible.

e) A aprobación da modificación e prórroga dos contratos.

2.- En todo caso, na delegación de atribucións entenderanse incluído o exercicio das seguintes facultades:

2.1.-A aprobación dos reaxustes de anualidades en contratos plurianuais.

2.2.-A autorización do gasto nos procedementos de contratación pendentes de licitación, negociación ou adxudicación cuxos expedientes foran aprobados en exercicios

anteriores pola Xunta de Goberno e cuxa dotación orzamentaria se incorpore ao exercicio correspondente.

### **9.3- INFRAESTRUTURAS**

En materia de infraestruturas:

a) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, as licenzas de canalizacións e acometidas de servizos e infraestruturas básicas)

b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de ocupación temporal da vía pública por obras de canalización na vía pública.

c) A aprobación dos proxectos de obras.

d) O exercicio da potestade sancionadora para a incoación e resolución do procedemento sancionador por infraccións derivadas da aplicación das ordenanzas municipais referidas á Área.

### **9.4- EDUCACIÓN E CULTURA**

**1.- En materia de educación:**

- A aprobación das listaxes provisional e definitiva de solicitudes de concesión e revocación de prazas para actividades desenvolvidas e convocadas pola Área de Educación.

**2.- En materia de cultura:**

a) A tramitación e adopción de acordos, incluída a adxudicación e a designación do persoal municipal responsable do contrato, nos expedientes de contratos de natureza artística que se tramiten por procedemento negociado.

b) A tramitación e resolución de expedientes para a obtención de autorización ou o título habilitante que proceda para a instalación, actividade e ocupación da vía pública de titularidade municipal, de conformidade coa normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia, referida a festas organizadas ou coorganizadas polo Concello de Ourense e ás festas dos barrios de Ourense (inclúe escenarios, barracas, atraccións de feira, casetas e postos de venda ambulante e semellantes vinculados á actividade festiva).

c) Autorizacións para a utilización do Auditorio Municipal e dos espazos expositivos dependentes da Concellería de Cultura.

### **9.5- PROMOCIÓN ECONÓMICA**





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

- A aprobación das listaxes provisional e definitiva das solicitudes de niños empresariais.

### 9.6- MOBILIDADE E TRANSPORTE

A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, a concesión de licenzas de taxi, a súa transmisión e revogación, cambios de vehículo, concesión de permisos de condutor; e, incoación e resolución de expedientes en materia de transporte público de viaxeiros).

**TERCEIRO.-** No suposto de delegación de competencias por decreto da Alcaldía pola ausencia do/a titular dunha Concellería durante un período determinado de tempo, o concelleiro nomeado asumirá todas as competencias da Área de goberno municipal correspondente -tanto as xenéricas como as específicas- delegadas pola Xunta de Goberno local no concelleiro titular por apartados anteriores. De cada decreto de delegación daráselle conta á Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o mesmo día da súa sinatura.

**CUARTO.-** As delegacións contidas neste acordo poderán modificarse ou revogarse, total ou parcialmente pola Xunta de Goberno local, en calquera momento de conformidade co establecido nos artigos 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e 116 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

**QUINTO.-** A Xunta de Goberno local poderá avogar para si, mediante acordo motivado, o coñecemento dun ou varios asuntos en materias delegadas nos concelleiros, cando circunstancias de índole técnica, económica, social ou xurídica o fagan conveniente, sen que elo supoña unha alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas, de conformidade co previsto nos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**SEXTO.-** Nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno local, farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.

**SÉTIMO.-** Notificarlle persoalmente o presente acordo aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o concelleiro destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

**OITAVO.-** Deste acordo daráselle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no

taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende a data a súa adopción.

**NOVENO.-** Revogar os anteriores acordos de delegación de competencias da Xunta de Goberno local , en canto resulten incompatibles co presente.

**DÉCIMO.-** Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 25 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

### **33.- Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local (XII).**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**PRIMEIRO.- Delegar** con carácter xeral, sen prexuízo das delegacións específicas que se determinan no punto segundo, e unicamente no ámbito das materias propias da súa área ou delegación, na Alcaldía e nos concelleiros aos que se lles atribúen responsabilidades de goberno, as seguintes competencias da Xunta de Goberno local:

a) O exercicio da potestade sancionadora en xeral e a adopción de medidas cautelares por incumprimento do disposto nas ordenanzas municipais, cando non estivese expresamente atribuída ao Alcalde por Lei, no ámbito das competencias que lles delegue a Xunta de Goberno Local en relación coa área ou servizo que lles atribúa, salvo os expedientes disciplinarios incoados ao persoal funcionario municipal por falta moi grave con proposta de separación do servizo que non resulta delegable.

b) En xeral os actos de impulsión e mero trámite dos expedientes cuxa resolución final sexa competencia da Xunta de Goberno e esta non as teña delegado, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa.

c) Contratación de carácter menor de acordo co establecido no orzamento municipal e as súas bases de execución (inclúe autorización e disposición). Asemade delégase, no seu caso, a designación do persoal municipal responsable do contrato.

d) A solicitude, tramitación e xustificación de subvencións.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

e) A resolución dos expedientes de concesión de subvencións, premios e bolsas, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa. Quedan exceptuadas as subvencións para a rehabilitación de vivendas nos ARRU declarados no termo municipal de Ourense, respecto das cales, a competencia permanecerá na Xunta de Goberno Local.

f) Aprobación de convenios nos termos e formalidades esixibles na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aquela que a veña a substituír, agás aqueles que conteñan obrigas de carácter económico para o Concello.

g) Aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo, correspondente ás obras nas vías e terreos de uso público, edificacións afectas ao servizo público ou calquera outro ben de carácter patrimonial.

h) A resolución dos recursos de reposición que se presenten contra os decretos que se diten no exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Goberno local, conforme ó establecido no artigo 115.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**SEGUNDO.- Delegar** nos seguintes concelleiros e na Alcaldía, con carácter específico, as seguintes competencias:

**1.- Delegar no concelleiro don Jorge Pumar Tesouro en relación coa Área de MEDIO AMBIENTE:**

En materia de medio ambiente:

1.1- A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

1.2- O exercicio da potestade sancionadora de conformidade co previsto no artigo 26 da ordenanza municipal reguladora de limpeza de terreos e soares e de protección contra incendios forestais.

1.3- Exercer a potestade sancionadora e a adopción de medidas cautelares e de execución subsidiaria en materia de disciplina ambiental, salvo que por Lei se atribúan a outros órganos municipais.

1.4- A aprobación dos proxectos de obras.

**2.- Delegar na concelleira dona Sonia Ogando Vázquez en relación coa Área de URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO:**

2.1- En materia de urbanismo:

a) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas para obras que non requiran proxecto técnico, conforme ó disposto na normativa vixente de ordenación da edificación.

b) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas de primeira ocupación.

c) A tramitación, concesión, denegación e revogación dos títulos administrativos habilitantes de natureza urbanística para a instalación de carteis publicitarios.

d) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas de ocupación da vía pública municipal e doutros bens de uso público municipal (guindastres, estadas, colectores de residuos de obra, etc...)

e) Acordos sobre renuncia á súa utilización e transmisión de licenzas de contido urbanístico, formuladas polo titular das mesmas.

f) A adopción de resolucións sobre devolucións de fianzas para responder de danos á vía pública na execución de obras ou na ocupación da vía pública.

g) Tramitación de expedientes correspondentes a títulos habilitantes para a apertura, funcionamento, instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade recreativa, espectáculo público, económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, aínda sexan de foma eventual ou de temporada, incluso en zonas privadas, suxeitas ao ámbito de competencias do Concello, segundo o establecido na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou calquera que veña a substituíla ou modificala.

h) Tramitación e, no seu caso, resolución de expedientes de expedición de títulos habilitantes en materia urbanística nos supostos de declaración responsable e comunicación previa.

i) Tramitación e emisión de requirimentos de corrección de deficiencias a actividades comerciais, industriais e profesionais cuxa instalación e funcionamento estivesen autorizados ou comunicados (incluídas as actividades cualificadas).

j) Tramitación e, cando proceda, resolución dos expedientes para a instalación de rótulos comerciais vinculados a unha actividade.

k) Desestimento ou renuncia de solicitudes de tramitación de procedementos en materia urbanística.

l) Declaración de caducidade por simple inactividade do interesado na cumprimentación de trámites indispensables para ditar resolución, de conformidade co previsto na normativa sobre procedemento administrativo común.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

m) Subscribir convenios de colaboración previstos na lexislación urbanística para a execución das obras de urbanización nos distintos sistemas de actuación.

n) Resolver sobre a recepción provisional e definitiva das obras de urbanización.

ñ) Presidir o levantamento das actas previas nos expedientes de expropiación, así como as de depósito e ocupación, e as de mutuo acordo, pago e ocupación.

o) Resolver sobre a devolución de fianzas e garantías depositadas para responder das obrigas urbanísticas.

2.2- En materia de patrimonio:

a) A incoación e tramitación de expedientes administrativos de investigación, deslinde, recuperación de oficio e desafuzamento de bens, tanto de dominio público como patrimoniais de titularidade municipal.

b) As competencias de incoación e instrucción dos expedientes de responsabilidade patrimonial.

c) Incoación, tramitación e resolución de accións de regreso contra os concesionarios ou contratistas por responsabilidade patrimonial cando o importe sexa inferior a 15.000 euros.

3.- Delegar no concelleiro don **José Mario Guede Fernández**, en materia de **DEPORTES**:

- As de carácter xenérico.

4.- Delegar na concelleira dona **Flora Moure Iglesias**, en relación coa Área de **TURISMO, TERMALISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ e XUVENTUDE**:

a) As de carácter xenérico.

b) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

5.- Delegar na concelleira dona **Eugenia Díaz Abella** en relación coa Área de **SERVIZOS SOCIAIS**:

5.1- En materia de asuntos sociais:

a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: a tramitación e resolución en materia de concesións, tales como kioscos,

revogación ou denegación de reservas de aparcamento e tarxetas de estacionamento á persoas con discapacidade.

b) Tramitación e resolución en materia de concesión, revogación ou denegación de axudas económicas individualizadas non periódicas; do servizo de axuda no fogar; do servizo de teleasistencia domiciliaria e do servizo do centro de día.

c) Concesión directa de subvencións por motivos de interese humanitario debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública e teñan por beneficiario a persoas físicas, con importe igual ou inferior a 5.000 euros, segundo o disposto na Lei xeral de subvencións, na súa normativa de desenvolvemento e nas bases de execución do orzamento municipal aprobado para cada exercicio económico.

#### 5.2- En materia de saúde:

a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: as licenzas por tenza de animais potencialmente perigosos; a concesión de dereitos funerarios e expedición de documentos acreditativos da titularidade dos mesmos, así como o cambio de titularidade; gravación de lápidas.

b) Tramitación e resolución de expedientes relativos á xestión de animais recollidos no refuxio municipal de Eiroás; en particular, a declaración en vía administrativa da condición de animal abandonado conforme ao previsto na Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

#### 5.3- En materia de Muller e Igualdade:

a) Muller: inclúe centro de información á muller e casa de acollida.

b) Políticas de igualdade.

### 6.- Delegar no concelleiro don **Telmo Manuel Ucha Álvarez** en relación coa Área de **SEGURIDADE CIDADÁ**:

a) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas para a entrada de vehículos; reserva de estacionamento para carga e descarga de mercadorías de calquera clase na vía pública, así como a modificación de esta, a súa transmisión, renuncia e revogación.

b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de vaos.

### 7.- Delegar na concelleira dona **Ana María Fernández Morenza** en relación coa Área de **ECONOMÍA E FACENDA**:

a) O recoñecemento de obrigas, excepto en materia de gastos de persoal.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

b) En relación aos ingresos de natureza non tributaria: a aprobación das liquidacións e padróns correspondentes, así como os actos resolutorios nos procedementos de recadación e xestión en vía voluntaria en relación aos mesmos.

c) Revisión de prezos.

d) Aprobación de liquidacións de empresas concesionarias.

e) Anticipos de caixa fixa e pagos a xustificar.

f) Colocación de excedentes de tesouraría.

g) Devolucións de ingresos de carácter non tributario.

h) Aprobación de contas xustificativas de subvencións concedidas.

i) Aceptación de cesións a título gratuito de bens inmoables e dereitos.

**8.- Delegar no concelleiro don Armando Ojea Bouzo en relación coa Área de SERVICIOS XERAIS**

As de carácter xenérico.

**9.- Delegar na Alcaldía en relación coas seguintes áreas:**

**9.1- RECURSOS HUMANOS:**

a) A xestión do persoal.

b) O desenvolvemento da xestión económica, incluíndo a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas; así como a disposición de gastos para anticipos de haberes ó persoal.

c) Despido do persoal laboral.

d) Aprobación de bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo.

e) Réxime disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano.

f) Calquera outra decisión en materia de persoal non atribuída expresamente a outro órgano.

g) O exercicio das atribucións de xestión da negociación colectiva no ámbito do Concello de Ourense, comprendendo as seguintes facultades:

- A representación do Concello na Mesa Xeral de Negociación.
- A facultade de convocar ás organizacións sindicais integrantes da Mesa Xeral para a realización de reunións, de oficio ou a petición destes.
- A facultade de propoñer a negociación de pactos e acordos en calquera materia suxeita a negociación colectiva, así como a de negociar calquera proposta formulada polos suxeitos lexitimados, sen prexuízo da necesidade, para a súa aprobación e efectividade, da posterior ratificación dos pactos ou acordos acadados polos órganos municipais competentes en cada caso.

No exercicio das súas facultades de xestión da negociación colectiva, o Alcalde estará asistido polo Coordinador Xeral de Administración Municipal e o Director Xeral de Recursos Humanos, así como por calquera outro órgano directivo ou funcionario municipal que estime oportuno, que asistirán, cando sexan requiridos pola Alcaldía, con voz pero sin capacidade decisoria, ás sesións da Mesa Xeral de Negociación. Igualmente, poderán asistir á Mesa Xeral de Negociación o resto de concelleiros delegados, cando consideren que a negociación afecte a materias da súa competencia, sen prexuízo de que a representación da Administración municipal corresponda á Alcaldía.

O Pleno do Concello dáse por informado

## **9.2- SERVIZOS XERAIS**

- En materia de **contratación**:

1.- A adopción da totalidade dos actos de trámite e resolución nos procedementos de contratación suxeitos ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, agás os seguintes actos:

- a) Os relativos á contratación menor, que corresponderán á Alcaldía ou aos concelleiros–delegados por razón da materia, conforme ao apartado primeiro, letra c) deste acordo.
- b) Os actos de aprobación dos expedientes de contratación e aprobación dos pregos de cláusulas económico – administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, así como as súas modificacións.
- c) A adxudicación de contratos de concesión de servizos e concesión de obras públicas, así como a adxudicación dos contratos de servizos á cidadanía previstos no artigo 312 da Lei de Contratos do Sector Público.





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

d) A adxudicación dos contratos nos que os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor representen máis do 25 % da puntuación total posible.

e) A aprobación da modificación e prórroga dos contratos.

2.- En todo caso, na delegación de atribucións entenderanse incluído o exercicio das seguintes facultades:

2.1.-A aprobación dos reaxustes de anualidades en contratos plurianuais.

2.2.-A autorización do gasto nos procedementos de contratación pendentes de licitación, negociación ou adxudicación cuxos expedientes foran aprobados en exercicios anteriores pola Xunta de Goberno e cuxa dotación orzamentaria se incorpore ao exercicio correspondente.

### 9.3- INFRAESTRUTURAS

En materia de infraestruturas:

a) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, as licenzas de canalizacións e acometidas de servizos e infraestruturas básicas)

b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de ocupación temporal da vía pública por obras de canalización na vía pública.

c) A aprobación dos proxectos de obras.

d) O exercicio da potestade sancionadora para a incoación e resolución do procedemento sancionador por infraccións derivadas da aplicación das ordenanzas municipais referidas á Área.

### 9.4- EDUCACIÓN E CULTURA

1.- En materia de educación:

- A aprobación das listaxes provisional e definitiva de solicitudes de concesión e revocación de prazas para actividades desenvolvidas e convocadas pola Área de Educación.

## 2.- En materia de cultura:

a) A tramitación e adopción de acordos, incluída a adxudicación e a designación do persoal municipal responsable do contrato, nos expedientes de contratos de natureza artística que se tramiten por procedemento negociado.

b) A tramitación e resolución de expedientes para a obtención de autorización ou o título habilitante que proceda para a instalación, actividade e ocupación da vía pública de titularidade municipal, de conformidade coa normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia, referida a festas organizadas ou coorganizadas polo Concello de Ourense e ás festas dos barrios de Ourense (inclúe escenarios, barracas, atraccións de feira, casetas e postos de venda ambulante e semellantes vinculados á actividade festiva).

c) Autorizacións para a utilización do Auditorio Municipal e dos espazos expositivos dependentes da Concellería de Cultura.

## 9.5- PROMOCIÓN ECONÓMICA

### 1- En materia de comercio:

a) A concesión de autorizacións de uso común especial normal ou ocupación das vías públicas, así como réxime sancionador (inicio e resolución) e a declaración da súa caducidade nos seguintes supostos:

- Instalación de mesas, veladores, cadeiras, sombrillas, xardineiras, mamparas ou calquera outro tipo de separador para uso hosteleiro.
- Incoación, concesión ou revogación de autorizacións para a venda ambulante (agás as que estean vinculadas á celebración de festas



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas dos barrios de Ourense).

- b) A adopción de medidas cautelares.
- c) O exercicio da potestade sancionadora pola venda na vía pública fóra de establecementos comerciais permanentes.
- d) A concesión de autorizacións de postos de venda nos mercados municipais: Praza de Abastos nº 1 e Praza de Abastos nº 2.
- e) Publicidade en Mupis na vía pública.
- f) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano, (inclúese especificamente a tramitación, concesión, ou revogación de licenzas para venda ambulante, agás as que estean vinculadas á celebración de festas organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas dos barrios de Ourense).
- g) A concesión de autorizacións para actividades varias que impliquen a ocupación temporal de dominio público e que non estean atribuídos de forma expresa a outro departamento municipal (a título de exemplo: mesas informativas, actividades recreativas e artísticas temporais na vía pública, actividades promocionais e outras de semellante natureza).
- A aprobación das listaxes provisional e definitiva das solicitudes de niños empresariais.

### 9.6- MOBILIDADE E TRANSPORTE

- A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, a concesión de licenzas de taxi, a súa transmisión e revogación, cambios de vehículo, concesión de permisos de condutor; e, incoación e resolución de expedientes en materia de transporte público de viaxeiros).

**TERCEIRO.-** No suposto de delegación de competencias por decreto da Alcaldía pola ausencia do/a titular dunha Concellería durante un período determinado de tempo, o

concelleiro nomeado asumirá todas as competencias da Área de goberno municipal correspondente -tanto as xenéricas como as específicas- delegadas pola Xunta de Goberno local no concelleiro titular por apartados anteriores. De cada decreto de delegación daráselle conta á Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o mesmo día da súa sinatura.

**CUARTO.-** As delegacións contidas neste acordo poderán modificarse ou revogarse, total ou parcialmente pola Xunta de Goberno local, en calquera momento de conformidade co establecido nos artigos 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e 116 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

**QUINTO.-** A Xunta de Goberno local poderá avogar para si, mediante acordo motivado, o coñecemento dun ou varios asuntos en materias delegadas nos concelleiros, cando circunstancias de índole técnica, económica, social ou xurídica o fagan conveniente, sen que elo supoña unha alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas, de conformidade co previsto nos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**SEXTO.-** Nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno local, farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.

**SÉTIMO.-** Notificarlle persoalmente o presente acordo aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o concelleiro destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

**OITAVO.-** Deste acordo daráselle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende a data da súa adopción.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

**NOVENO.-** Revogar os anteriores acordos de delegación de competencias da Xunta de Goberno local, en canto resulten incompatibles co presente.

**DÉCIMO.-** Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

**6- Posta en coñecemento das conclusións da Comisión de Investigación sobre desaparición de documentación na Concellería de Urbanismo**

Dáse conta da acta das conclusións da Comisión de Investigación sobre a desaparición de documentación na Concellería de Urbanismo.

**7.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de outubro de 2021**

INFORME PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MES DE OUTUBRO DE 2021

**INFORME DE TESOURERÍA**

**1.- NORMATIVA APLICABLE:**

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto

no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrolar a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dase cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

**2.- INFORME:**

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores, período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

**Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”**

$\sum (\text{período medio de pago de cada entidade} * \text{importe operacións da entidade})$

$\text{período medio de pago} =$

---

$\text{global a provedores} \sum \text{importe operacións das entidades}$

*“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”*

**Artigo 5** (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): “*Cálculo do período medio de pago de cada entidade*”

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

*rateo operacións pagadas\*importe total pagos realizados + ratio operacións pendentes de pago\*importe total pagos pendentes*

*período =*

---

*medio de pago importe total pagos realizados + importe total pagos pendentes*

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:

$\Sigma$  (número de días de pago \* importe da operación pagadas)

*rateo das operacións =* \_\_\_\_\_

*pagadas* *Importe total de pagos realizados*

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.





**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

Nos supostos nos que non haxa obrigaón de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

**3.** Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

$\sum$  (número de días pendentes de pago \* importe da operación pendente de pago )

rateo de operacións = \_\_\_\_\_

pendentes de pago *Importe total de pagos pendentes*

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

- A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigaón de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de OUTUBRO de 2021 son:

	Concello	Consello Municipal de Deportes (*)
Rateo de operacións pagadas	30,96	17,63
Importe de operación pagadas	6.429.368,49 €	330.598,41 €
Rateo de operacións pendentes de pago	63,33 (**)	86,72
Importe de operacións pendentes de pago	3.103.315,78 € (**)	151.188,89 €
PMP de cada entidade	41,50	39,31
<b>Período medio de pago global a provedores</b>	<b>41,39</b>	

(\*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

(\*\*) Nestes cálculos tense en conta 5 facturas de AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA S. A. con CIF A50736784 que ascenden a 631.543,24 €, que están pendentes do recoñecemento por execución de sentenza do xulgado contencioso-administrativo número 1 de Ourense, conformadas entre o 25/10/2021 e o 28/10/2021.

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se terán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de OUTUBRO de 2021 é de **41,39** días, estase a incumprir o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “Os órganos ou unidades



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

*administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes”.*

Tendo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de OUTUBRO de 2021 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexa por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.( ANEXO I-1). Nº expediente Civas 2021044378

Como **ANEXO II**, achégase o informe de resume xerado polo programa de contabilidade no que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de OUTUBRO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.( ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de OUTUBRO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Concello Pleno deuse por informado.

## **8.- Parte resolutiva**

### **8.1 Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e o Concello de Ourense para o financiamento, execución e entrega das obras do proxecto de mellora de saneamento en Velle 2021-2023. Expediente 2021033096.**

De conformidade coa proposta de Alcaldía, con data do 4/11/2021, que se incorpora ao expediente, a Comisión de Pleno, logo do preceptivo informe da Intervención Municipal, por sete votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, de Democracia Ourensana, de Ciudadanos, do BNG e de dona M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Garrido, concelleira non adscrita; e tres abstencións do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ditaminouse favorablemente a proposta de Alcaldía, que se incorpora ao expediente.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO:**

1º) Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno en data 04 de xullo do 2021 no que se acordaba aprobar o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS, con CIF: Q3200109A) e o Concello de Ourense para o financiamento, execución e entrega das obras do proxecto de mellora do saneamento de Velle conforme ao proxecto de convenio remitido pola CHMS o 26 de maio de 2021 e, consecuentemente, tamén os demais acordos adoptados no referido pleno relativos a:

- (Punto 2º) Autorizar e dispoñer, contra a aplicación orzamentaria N 100 1532 72302, o gasto correspondente, conforme á seguinte distribución por anualidades:

2022: 566.069,50 euros (RCFUT1 nº 202100025316)

2023: 921.061,00 euros (RCFUT2 nº 202100025317)

- (Punto 3º) Facultar á Alcaldía, en virtude das súas competencias de representación do Concello de Ourense, para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa execución e desenvolvemento e non requiran de acordo expreso doutros órganos de goberno municipais.

2º) Aprobar o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS, con CIF: Q3200109A) e o Concello de Ourense para o financiamento, execución e entrega das obras do proxecto de mellora do saneamento de Velle conforme ao proxecto de convenio remitido pola CHMS o 05 de agosto de 2021, que obra no expediente administrativo.

3º) Autorizar e dispoñer, contra a aplicación orzamentaria N 100 1532 72302, o gasto correspondente, conforme á seguinte distribución por anualidades:

2022: 300.000,00 euros (RCFUT1 nº 202100053141)

2023: 850.000,00 EUROS (RCFUT2 nº 202100053143)

2024: 337.130,50 EUROS (RCFUT2 nº202100053144)

A autorización dos gastos plurianuais previstos queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes ás anualidades futuras de referencia.

Autorízanse expresamente as porcentaxes de distribución das anualidades previstas no que excedan dos límites xerais establecidos no artigo 174.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

4º) Facultase á Alcaldía, en virtude das súas competencias de representación do Concello de Ourense, para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa execución e desenvolvemento e non requiran de acordo expreso doutros órganos de goberno municipais.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

**8.2 Recoñecemento extraxudicial de créditos. PLENO 1-2021 (núm. Expte. 2021033644)**

De conformidade coa proposta da concelleira de Facenda, con data do 10/11/2021, que se incorpora ao expediente, logo do preceptivo informa da Intervención Municipal, a Comisión de Pleno, por cinco votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, de Democracia Ourensana e de Ciudadanos e cinco abstencións dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de dona M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Garrido, concelleira non adscrita, ditaminouse favorablemente a proposta da concelleira de Facenda, que se incorpora ao expediente.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a proposta.

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte relación de facturas (aprobación de gasto, da súa disposición e do recoñecemento de obriga) por un total de 16.504,76 € (dezaseis mil cincocentos catro euros con setenta e seis céntimos), correspondentes a gastos realizados en exercicios anteriores (1 factura do 2018, 1 factura do 2019 e 15 facturas do 2020) que non puideron seguir a tramitación ordinaria para a súa aprobación nos respectivos exercicios, a favor dos terceiros e con cargo aos créditos das aplicación orzamentarias (retención de crédito reflectida na aplicación orzamentaria) que en cada caso se indican:

COD	COD	COD	COD	COD	NUMERO	FECHA		IMPORTE
ORG	FUN	ECON	FACTU	CIVIDAS	FACTURA	RECEP	NIF TERCERO	FACTURA
100	1530	60902	150446	2018000335	R00100859001	03-ene-18	A32002644-EXTRACO S.A.	5.428,25
							<b>TOTAL APLIC. ORZAMENTARIA</b>	<b>5.428,25</b>
							<b>RC N° 202100058311</b>	
							<b>PG 14-2-14-02</b>	
100	1650	22100	158606	2019016747	G4883190507112947	19-feb-19	A63222533-UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA	418,37
							<b>TOTAL APLIC. ORZAMENTARIA</b>	<b>418,37</b>

							<b>RC</b>	<b>N°</b>	
							<b>202100058294</b>		
200	3230	21200	165027	2020018368	37	26-jun-20	44488911B-VAZQUEZ TORRES CARLOS		248,05
200	3230	21200	165028	2020018372	14	26-jun-20	44488911B-VAZQUEZ TORRES CARLOS		157,30
200	3230	21200	166756	2020037362	EMIT-38A	26-oct-20	34957198G-SALGADO BLANCO ROBERTO		1.997,41
200	3230	21200	167655	2020043027	EMIT-188	30-nov-20	B15897176-ALTERNATIVAS ELECTRICAS S.L.		693,33
200	3230	21200	167661	2020043037	9002800667	01-dic-20	B46001897-THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.		218,93
200	3230	21200	167673	2020043040	9002800666	01-dic-20	B46001897-THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.		218,93
200	3230	21200	167716	2020045145	20201566	01-dic-20	F32216376-ASPERGAL SDAD.COOP. LTDA.		195,92
200	3230	21200	167806	2020043128	M/010001	03-dic-20	B32338121-ASCENSORES NORTE SL		100,43
200	3230	21200	168033	2020043443	A17	07-dic-20	34998513B-PEREZ VIDAL OSCAR		611,59
200	3230	21200	168083	2020044014	A / 200015	09-dic-20	44452087X-NIETO CONDE, JOSE LUIS		2.869,10
200	3230	21200	168084	2020044203	A/ 200017	09-dic-20	44452087X-NIETO CONDE, JOSE LUIS		734,06
200	3230	21200	168158	2020044206	2560003668	14-dic-20	B46001897-THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.		340,74



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

200	3230	21200	168219	2020045841	41/A	21-dic-20	76912380N-TIAGO GONZALEZ SALVADOR	1.294,70
200	3230	21200	167766	2020043354	3344828276	02-dic-20	A50001726-SCHINDLER S.A.	116,73
200	3230	21200	168220	2020045843	30/A	21-dic-20	76912380N-TIAGO GONZALEZ SALVADOR	860,92
							<b>TOTAL APLIC. ORZAMENTARIA</b>	<b>10.658,14</b>
							<b>RC Nº 202100058298</b>	

**IMPORTE TOTAL R.E.C. Nº 1/2021 ..... 16.504,76 €**

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

**8.3 Convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ourense para o financiamento da execución das obras da fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.**

De conformidade coa proposta de Alcaldía, de 24 de novembro de 2021, a Comisión de Pleno, por cinco votos a favor do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Ciudadanos; e cinco abstencións do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, concelleira non adscrita, ditaminouse favorablemente a proposta de Alcaldía, que se incorpora ao expediente.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**:

1ª) Aprobar o convenio de cooperación entre o Concello de Ourense e o Servizo Galego de Saúde para o financiamento da execución das obras da fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, con arranxo ás seguintes cláusulas:

### *Primeira. Obxecto*

*O obxecto do presente Convenio é establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ourense para a execución das obras correspondentes á Fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.*

### *Segunda. Compromisos do Concello de Ourense*

*Entre os compromisos que se acadan cos concellos para a execución de obras de centros sanitarios están o da exención do IBI ou da bonificación do ICIO, neste caso o Concello de Ourense traslada este tipo de exención/bonificación ao outorgamento dunha subvención de catro millóns cento vinte e cinco mil sesenta e dous euros e noventa e oito céntimos (4.125.062,98 euros) euros directa ao Servizo Galego de Saúde.*

*Esta subvención abonarase ao Servizo Galego de Saúde mediante un pago anticipado do 100% no momento en que o Servizo Galego de Saúde a solicite mediante a acreditación da adxudicación do contrato.*

*Dado que o importe desta subvención non acada o total do importe da exención do IBI para os vindeiros seis anos (ao terse revisado con efectos de 2021 o importe da cota tributaria correspondente ao CHUOU, pasando de 366.721,49 euros a 550.637,79 euros) o Concello comprométese a dotar orzamentariamente e tramitar, no exercicio 2022, unha subvención complementaria por importe de 1.103.497,80 euros para a mesma finalidade.*

### *Terceira. Compromisos do Servizo Galego de Saúde*

*O Servizo Galego de Saúde comprométese á executar as obras correspondentes á Fase I da reprogramación funcional do Plan Director, que incluírán:*

- Construcción do novo edificio de hospitalización e ambulatorio: O novo edificio terá 12 plantas, e destinarase desde a planta -2 ata a planta segunda a usos fundamentalmente ambulatorios e desde a terceira ata a novena a hospitalización.*
- Reforma do materno infantil: demolición integra interior e de fachadas, ao obxecto de conservar unicamente a súa estrutura.*
- O Servizo Galego de Saúde xustificará a execución e pagamento das obras subvencionadas tendo como prazo límite de xustificación o dos catro anos de vixencia do convenio, podendo ser prorrogado dentro da vixencia deste convenio que é de catro anos prorrogables por outros catro anos máis.*

*A xustificación realizarase na modalidade de xustificación simplificada prevista no artigo 28.5 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, mediante*





**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

*certificación da toma de razón en contabilidade do gasto e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, expedida pola intervención ou órgano do Servizo Galego de Saúde que teña atribuídas as correspondentes facultades de control.*

*O Servizo Galego de Saúde, para a execución dos investimentos da fase II non solicitará novas achegas económicas o Concello de Ourense.*

*Cuarta. Comisión de seguimento, vixilancia e control*

*Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:*

- 1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.*
- 2. Interpretar en caso de dúbida o seu contido.*
- 3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.*

*A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.*

*Quinta. Causas de resolución*

*Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:*

- a) Polo transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.*
- b) Polo acordo das partes.*
- c) Polo incumprimento das súas obrigas e compromisos por calquera das partes, a pedimento da outra parte. Neste caso, a parte que solicita a resolución deberá notificar á outra parte un requirimento para que cumpra as súas obrigas nun prazo determinado. Do requirimento formulado se dará traslado á comisión de seguimento, para informe. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o formulou notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio.*
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis.*

*Producida a resolución do convenio, este entrará en liquidación, que será aprobada polo Concello de Ourense, previo informe da comisión de seguimento. Contra o acto de liquidación procederán os recursos previstos contra os actos administrativos no ordenamento xurídico.*

*Na liquidación incluíranse os danos e prexuízos causados pola resolución, que serán imputables á parte que os causase conforme ás regras xerais de responsabilidade contractual. En todo caso, a liquidación suxeitarase ao previsto no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

#### *Sexta. Réxime xurídico*

*O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

*De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio rexerá polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.*

#### *Sétima. Resolución de conflitos e xurisdición competente*

*As partes asinantes do presente convenio comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no seu desenvolvemento, a través da comisión de seguimento.*

*A resolución das cuestións litixiosas relativas ao convenio e aos seus actos de execución corresponderá aos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso – administrativa.*

#### *Oitava. Vixencia*

*O presente convenio terá unha vixencia de catro anos, dende o día seguinte ao da súa sinatura.*

*En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do Convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

#### *Novena. Publicidade*



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

*A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.*

2º) Conceder ao Servizo Galego de Saúde unha subvención nominativa por importe de 4.125.062,98 euros con destino ao financiamento das obras previstas na cláusula 2ª do convenio, nas condicións previstas no dito convenio.

3º) Autorizar e dispoñer o gasto correspondente á subvención concedida con cargo ao orzamento de 2021, nos seguintes termos:

Importe: 4.125.062,98 euros

Beneficiario: Servizo Galego de Saúde (CIF Q6550006H)

Aplicación orzamentaria: 100 3122 75100

RC: 202100061072

4º) Asumir o obriga de dotar, no orzamento de 2022, unha subvención nominativa por importe de 1.103.497,80 euros, complementaria da anterior e co seu mesmo obxecto e condicións, nos seguintes termos:

Importe: 1.103.497,80 euros

Beneficiario: Servizo Galego de Saúde (CIF Q6550006H)

RC Futuro: 202100064989

5º) Facultar expresamente á Alcaldía para a formalización do convenio, previa a súa aprobación polo órgano competente do Servizo Galego de Saúde. En todo caso, será requisito para a sinatura do convenio que o Servizo Galego de Saúde achegue declaración responsable de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non incorrer en causa legal de prohibición de obtención de subvencións.

#### **8.4 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa ao pago de autovías e estradas secundarias**

#### **Exposición de motivos**

Nos últimos meses, a pulverización de novos récords do prezo da luz converteuse en algo cotián. Sen ir máis lonxe, o pasado mes de outubro, estreouse cun novo pico de 227,45 euros/ MWh. A curto prazo, non se espera que a situación vaia a mellorar para o consumidor cando, desde o pasado mes de abril, subiu de golpe un 46% e de seguir así, vai supoñer que un fogar medio, cunha potencia contratada de 4,6 kW e un consumo de 3.500 kWh, pagará uns 260 euros anuais máis que o pasado ano.

Pero a luz non é a única subministración cuxo prezo vive momentos de escalada. O prezo da gasolina e o gasóleo volveu a subir marcando novamente máximos anuais; uns niveis que non se rexistraban desde fai máis de sete anos, e de manterse, tamén vai supoñer que un condutor que faga un 20.000 km anuais pague entre 300 e 400 euros máis este ano só en carburante.

E o gas non queda atrás xa que, a mediados do mes de outubro, rexistrábase un prezo medio almacenista de 90 euros por megawatio hora. Nun fogar medio que consuma 9.000 kWh ao ano implicará un sobre custo duns 189 euros na factura, e quen use butano, tampouco se vai se librar de pagar máis xa que a bombona subiu un 33% en 12 meses.

En total, os fogares terán que facer fronte a un gasto anual adicional que pode alcanzar os 850 euros e a subida pode ser maior porque o incremento das subministracións afectan o prezo de materias primas, produtos e servizos que indirectamente volve pagar o consumidor, xa castigados pola crise.

Por se non fose pouco co escuro panorama que se nos presenta, o Goberno de Pedro Sánchez, quere impoñer unha taxa a quen circule por autovías porque *"o modelo de que toda a nosa rede viaria sexa gratis non é algo que suceda en Europa"*, sinalan, mentres proceden ao mesmo tempo a liberar de peaxes ás autoestradas de Cataluña ou Andalucía, mentres que en Galicia non deixan de subir.

Nun principio, implementaríase o pago por uso, inicialmente de 1 céntimo por quilómetro, en 2024, pero para finais de 2023 preténdese establecer unha primeira fase, cun sistema de 'viñeta' e unha cota fixa.

Así, o primeiro impacto desta medida será o empobrecemento das clases traballadoras que necesitan desprazarse ao seu lugar de traballo e o encarecemento de custos de todo tipo de servizos. A maiores, os que non poidan pagar terán que desviarse polas estradas secundarias o que auguran un dramático repunte da sinistralidade.

O custo por usuario desta medida será de 2000 euros ao ano e os mais prexudicados serán os habitantes periféricos, como é o caso de Galicia. Así, Ourense, unha vez máis, será unha das cidades máis afectadas, pois a súa economía depende da vertebración que a A52 puxo ao seu servizo a finais dos anos noventa e que usan miles de ourensáns que traballan fóra da cidade, indo e vindo no día a Vigo, Verín, Lalín, Xinzo, Carballino ou Porriño, así como traballadores doutras cidades que chegan a Ourense todos os días desde outros concellos galegos.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Xa sabemos como empezan estas cousas. Comézase cobrando un céntimo por quilómetro e cando o goberno quere recadar máis, o usuario está a pagar 3 ou 5 céntimos por quilómetro, reproducindo a gran escala o que leva facendo coa AP9 desde 1981. O custo da estrutura de autoestradas nacionais (uns 12.000 quilómetros de vías de alta velocidade) é un dos argumentos esgrimidos polo Goberno para xustificar esta medida. Inicialmente expúxose cobrar unicamente polo uso de autovías e autoestradas, pero agora ábrese a porta a que as distintas autonomías poidan cobrar polo uso das estradas rexionais.

### **Proposta para a súa aprobación**

1. *Instar ao Goberno central a manter as autovías e estradas da Rede de Estradas do Estado do noso territorio libres de calquera tipo de peaxe, taxa ou imposto que supoña suprimir a gratuidade da libre circulación por afectar gravemente á poboación que utiliza estas vías esenciais para o seu traslado e por restar competitividade ao tecido económico.*

### **Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**

#### **EMENDA DE ENGÁDEGA**

##### **TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO**

1. Instar ao Goberno Central a manter as autovías e estradas da Rede de Estradas do Estado do noso territorio libres de calquera tipo de peaxe, taxa ou imposto que supoña suprimir a gratuidade da libre circulación por afectar gravemente á poboación que utiliza estas vías esenciais para o seu traslado e por restar competitividade ao tecido económico.

##### **PROPOSTA DE ENGÁDEGA**

2. Instar á Xunta de Galiza á redución e paulatina eliminación das peaxes da AP - 53, de titularidade da administración galega, polo agravio que supón para as persoas e empresas das respectivas comarcas polas que transcorre.

##### **REDACCIÓN FINAL DA PROPOSTA DE ACORDO**

1. Instar ao Goberno Central a manter as autovías e estradas da Rede de Estradas do Estado do noso territorio libres de calquera tipo de peaxe, taxa ou imposto que supoña suprimir a

gratuidade da libre circulación por afectar gravemente á poboación que utiliza estas vías esenciais para o seu traslado e por restar competitividade ao tecido económico.

2. Instar á Xunta de Galiza á redución e paulatina eliminación das peaxes da AP - 53, de titularidade da administración galega, polo agravio que supón para as persoas e empresas das respectivas comarcas polas que transcorre.

O Pleno do Concello, por sete votos a favor do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don Manuel Álvarez Fernández, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dezoito abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do BNG.

En consecuencia, queda aprobada a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do BNG.

## **8.5 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa ás agrupacións de música coral**

### **Exposición de motivos**

A cultura é un dos principais elementos de revalorización dos nosos pobos e un factor de cohesión da nosa sociedade. A cultura é, sen dúbida, un elemento de democratización, participación, integración e cohesión social. Por todo isto, como Administración local, temos a obriga de potenciala para garantir o benestar e o sentimento de comunidade da cidadanía.

Dentro da cultura, a música coral é todo un fenómeno que achega, aos colectivos que a practican, numerosos beneficios a nivel individual, que mellora a calidade do ensino infantil, que pode axudar ao desenvolvemento de determinados valores en sectores marxinais da nosa poboación, que fai que a sociedade en si mesma sexa máis sa, que desenvolva valores tales como o voluntariado e que, en definitiva, axuda a mellorar o benestar emocional e físico das persoas.

Neste sentido, pódese dicir que as agrupacións corais ofrecen numerosas oportunidades que favorecen as relacións interpersoais e están claramente identificadas con aquilo que entendemos como grupo e tamén producen contextos favorecedores da participación cívica individual.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

É por iso que desde o grupo municipal de Ciudadanos consideramos prioritario que sexa o Concello de Ourense quen empuxe a cultura popular e promocióne a música coral, sendo esta de gran tradición en Ourense desde a formación, en 1928, da Coral Polifónica Orensana.

Ata o de agora as corais subsistiron con máis vontade que medios. A crise sanitaria, que os obrigou a permanecer case dous anos nun silencio forzoso, e a falta de implicación municipal dificultou que se poida ofrecer aos veciños e veciñas as súas actuacións, resultado de días, meses e anos de ensaios, esforzos e moita ilusión. Ás veces, mesmo atopan dificultades para poder ter locais onde realizar os seus ensaios.

A totalidade das corais se financian con cotas mensuais dos seus compoñentes, as cales non son moi elevadas para que todos os membros poidan facerlle fronte, sendo a recadación moi escasa o que non axuda a cubrir os gastos mínimos, de aí a importancia do apoio económico das institucións públicas.

### **Proposta para a súa aprobación**

1. *Instar o Goberno municipal a crear unha liña de axudas específicas para as agrupacións de música coral que permita o desenvolvemento das súas actividades*

### **Emenda presenta polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE** **Emenda de adición**

2- Instar á Xunta de Galicia a elaborar un protocolo con medidas sanitarias apropiadas, para que as *Agrupacións Corais de Galicia* non teñan que deter a súa actividade, no caso de que se produzan novas crises sanitarias debidas a covid-19.

### **PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:**

- 1- Instar ó Goberno Municipal a crear unha liña de axudas específicas para as agrupacións de música coral que permita o desenvolvemento das súas actividades.
- 2- Instar á Xunta de Galicia a elaborar un protocolo con medidas sanitarias apropiadas, para que as *Agrupacións Corais de Galicia* non teñan que deter a súa actividade, no caso de que se produzan novas crises sanitarias debidas a covid-19.

O Pleno do Concello, por dezaseis votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja,

don Manuel Álvarez Fernández e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; dous votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana; e sete abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do PSdeG-PSOE.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda presentada polo Grupo Municipal do Grupo Municipal Socialista.

**8.6 Moción de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiro non adscrito, relativa a instar ao alcalde de Ourense, don Gonzalo Pérez Jácome a que renuncie ao seu soldo municipal xa que claramente é incompatible coa súa actividade profesional**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fecha 17/03/2021 solicité al alcalde su declaración de renta correspondiente al ejercicio 2019 a efectos de cuantificar exactamente el importe de actividad privada y así poder comunicarlo a la comisión de Pleno Municipal para que incluír en la misma SU INCOMPATIBILIDAD REMUNERATIVA en el orden del día. Número de registro: WEB2021003696.

Recuérdese que en ese momento era miembro de dicha comisión como único concejal no adscrito de la Corporación; ya que mis compañeros actualmente en esa misma situación, unos integraban el grupo municipal de Democracia Ourensana (suspensión cautelar del acuerdo por asamblea general adoptado el 18 de octubre de 2020) y D. Laureano Bermejo el grupo municipal de Ciudadanos, no eran convocados a dicha comisión.

Basaba dicha solicitud en REGULAMENTO ORGÁNICO DE GOBERNO E ORGANIZACIÓN, DO PLENO E A COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS DO CONCELLO DE OURENSE. Capítulo III. De las incompatibilidades y registro de intereses.

Y exponía textualmente: *“En base a que el alcalde, D. Gonzalo Pérez Jácome reconoce según las cuentas anuales presentadas por el partido político.*

*DEMOCRACIA OURENSANA, que realiza actividades económicas y profesionales de ámbito privado, actividades incompatibles con su actividad pública y que no comunicó en tiempo y forma al Pleno Municipal su solicitud de compatibilidad.”*

Precisamente a esa fecha D. Gonzalo Pérez Jácome como presidente del partido político Democracia Ourensana y D. Jose Carlos Vázquez Soto como vicepresidente, publicaron las cuentas anuales correspondientes al ejercicio 2019, después de ser advertidos por el Tribunal de Cuentas como mínimo en dos ocasiones, recordándoles que “





**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

*“los partidos políticos deberán publicar en su página web, en el plazo máximo de un mes desde la fecha de envío al Tribunal de Cuentas, el balance, la cuenta de resultados y en particular: la cuantía de los créditos pendientes de amortización, con especificación de la entidad concedente, el importe otorgado, el tipo de interés y el plazo de amortización, las subvenciones recibidas y las donaciones y legados de importe superior a 25.000 euros con referencia concreta a la identidad del donante o legatario, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 7.5 de la Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo, del Tribunal de Cuentas”.*

Actualmente D. Gonzalo Pérez Jácome tiene retribución municipal en régimen de dedicación exclusiva y está dado de alta en el Régimen General de la Seguridad Social, asumiendo la Corporación el pago de las cuotas empresariales. Esta retribución es incompatible con su actividad privada tal como determina la Ley 53/1984 de 26 de diciembre de incompatibilidades del personal al servicio de las administraciones públicas.

D. Gonzalo Pérez Jácome tuvo una retribución municipal durante el año 2019 en el periodo julio/diciembre de 34.191,95 € (TREINTA Y CUATRO MIL CIENTO NOVENTA Y UNO CON NOVENTA Y CINCO CENTIMOS) y como actividad privada, según las cuentas presentadas al Tribunal de cuentas ha facturado al partido político Democracia Ourenzana y a su Grupo Municipal 83.401,57 € (OCHENTA Y TRES MIL CUATROCIENTOS UNO CON CINCUENTA Y SIETE CENTIMOS).

El objeto de solicitar la declaración de renta de dicho periodo 2019 era para cuantificar exactamente el importe de su actividad privada, ya que la Televisión que utiliza como instrumento para facturar el importe de las subvenciones que recibe el partido, no consta que tenga personal contratado y eso significa que el grueso de los gastos que puede deducir es el arrendamiento de la licencia televisiva.

No obstante, en la segunda quincena del pasado mes de Julio, (art. 18.4 del Reglamento Orgánico Municipal) tampoco ha hecho pública ni ha comunicado al Concello su declaración de renta correspondiente al año 2020 en la que necesariamente tiene que reflejar, como facturado, todo el anticipo de trabajos futuros recibido por parte de Democracia Ourenzana, que a fecha 31 de diciembre de 2019 tiene un saldo de 154.835,59 € (CIENTO CINCUENTA Y CUATRO MIL OCHOCIENTOS TREINTA Y CINCO CON CINCUENTA Y NUEVE CENTIMOS) según los balances presentados al Tribunal de Cuentas por Democracia Ourenzana y que tiene publicado en la web de dicho partido.

Parece razonable pensar en función a la interpretación de los estados financieros publicados en la página web de Democracia Ourenzana, que los ingresos por su actividad privada en el año 2020 serán entonces 154.835,59 € (CIENTO CINCUENTA Y CUATRO MIL OCHOCIENTOS TREINTA Y CINCO CON CINCUENTA Y NUEVE CENTIMOS) de lo ya cobrado por anticipos, más las subvenciones del Concello y Diputación correspondientes al 2020 estimadas en 104.400,00 € (CIENTO CUATRO MIL CUATROCIENTOS) euros, más su retribución municipal 68.383,90 € (SESENTA Y OCHO MIL TRESCIENTOS OCHENTA Y TRES CON NOVENTA CENTIMOS) y lo que estime conveniente recaudar al personal eventual de su Gabinete que no olvidemos que cuesta al año más de un millón de euros.

Por tanto, sólo durante el ejercicio 2020 D. Gonzalo Pérez Jácome ha obtenido rendimientos como mínimo por 327.618,90 € (TRESCIENTOS VEINTISIETE MIL SEISCIENTOS DIECIOCHO CON NOVENTA CENTIMOS).

A la vista de dichas cantidades D. Gonzalo Pérez Jácome **TENDRÁ QUE RENUNCIAR A UNA DE SUS DOS ACTIVIDADES, YA QUE CLARAMENTE SON INCOMPATIBLES** según viene reflejado en el Capítulo III del Reglamento Orgánico del Concello de Ourense.

En atención a lo expuesto, solicitamos al Pleno del Concello de Ourense que adopte el siguiente:

#### **ACUERDO**

- 1.-** Instar al alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome a que **RENUNCIE** a su sueldo municipal ya que **CLARAMENTE ES INCOMPATIBLE** con su actividad profesional según viene reflejado en el Capítulo III del Reglamento Orgánico del Concello de Ourense.
- 2.-** Reintegre al Concello de Ourense todas las cantidades indebidamente cobradas por su remuneración municipal, incluyendo las aportaciones a la Seguridad Social ingresadas por el Concello, ya que tuvo posibilidad de solicitar su compatibilidad y a fecha de hoy no lo ha realizado.

Nota.- Todos los datos incorporados proceden de los estados contables procedentes de los años 2016 a 2019. Pongo a disposición de los grupos la interpretación de los mismos que se han utilizado.

O Pleno do Concello, por nove votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana; quince votos en contra do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Dibuja Fernández e de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos; e unha abstención de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou a seguinte **ACORDO**: Non retirar a moción.

O Pleno do Concello, por quince votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Dibuja Fernández e de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos; dous votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana; e oito abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e de



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

**8.7 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para mellorar o funcionamento da Concellería de Participación Cidadá, mediante a dotación de persoal suficiente, a adecuación do marco normativo, as melloras na tramitación orzamentaria e a correcta regulación dos orzamentos participados.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A participación cidadá é un pilar fundamental nunha sociedade avanzada. Á marxe dos servizos e canles cos que conta a administración, a cidadanía tende a organizarse para a defensa dos seus intereses ou para a realización de determinadas actividades. En Ourense fai tempo que o movemento asociativo sofre a desidia, a falta de apoio ou incluso o desprezo do goberno local.

Dende 2015, non paran de incrementarse as carencias básicas na área de participación cidadá: en primeiro lugar, as axudas e subvencións, tanto as destinadas a espazos físicos, onde reunirse e desenrolar a labor veciñal, como as referidas ao desenvolvemento de actividades anuais, con trámites excesivos e coa tardanza na súa publicación e xestión.

Ao mencionado anteriormente debemos engadirlle a escaseza de medios humanos e materiais da concellería, desmantelada de persoal. Empezando por unha xefa de servizo que ten que compaxinar o seu labor con outras xefaturas, seguindo por vacantes sen cubrir como a de xefe de xestión ou a xefatura de negociado, e rematando con traballadores non substituídos ou baixas que non se cobren, reducindo, polo tanto, á mínima expresión, o número de empregados e impedindo o correcto funcionamento desta área.

As denuncias constantes do movemento veciñal pola nefasta xestión da concellería expuxéronse en pleno, onde se destacou a situación de "asfixia" polo retraso no pago de subvencións, chegando as entidades federadas ao extremo de pedir préstamos para poder continuar co seu labor. A maiores dos recursos escasos cos que contan estes colectivos, cómpre destacar os enormes problemas burocráticos cos que ano tras ano se atopan para a súa xestión e cobro.

Os convenios coa Agrupación Miño e Federación Limiar seguen sen asinarse na actualidade, a piques de rematar o presente ano, producíndose nos pasados exercicios situacións inexplicables como cobrar antes o convenio do 2020 que o do 2019 polos continuos retrasos e enredos burocráticos.

As subvencións xestiónanse ano tras ano a finais do exercicio, obrigando ás entidades a realizar o gasto sen saber se poden contar con axuda pública. É difícil de

explicar a razón pola que non se varía esta dinámica e se publican as bases das subvencións a principios de cada ano, permitindo ás entidades veciñais unha correcta planificación económica e, á súa vez, evitando a perda de axudas como ten pasado nalgunha ocasión.

Outra cuestión que mostra a desidia do actual e dos últimos gobernos municipais nesta área é a situación na que se atopa o Regulamento Orgánico de Participación Cidadá. Dende o ano 2016, e a iniciativa do noso grupo, levamos traballando na adaptación desta normativa á realidade actual, sen iniciarse aínda a día de hoxe os trámites para a reforma desta ordenanza, a pesares da máxima dispoñibilidade e colaboración dos grupos da oposición para chegar a acordos.

O PSOE rexistrou unha serie de propostas, nomeadamente a incorporación dunha serie de medidas que pretenden mellorar a transparencia, facilitar a participación na política municipal e achegar a administración a todos os veciños, simplificando trámites e investindo en melloras telemáticas.

Así, dende PSOE queríamos posibilitar que os grupos puideran ceder quenda na defensa das mocións a determinados colectivos, establecer a obriga do titular da concellería de Participación Cidadá para o mantemento dun encontro cos representantes das asociacións cando menos una vez por trimestre, ou que se publiquen as actas completas das xuntas de área.

Dende o grupo socialista propoñiamos a redución ata o 5% do número de sinaturas necesarias para elevar unha iniciativa popular, a creación de distritos, mellorar a web municipal, ou garantir unha comisión de seguimento con asociacións de veciños na xestión de orzamentos participativos, entre outras medidas.

É sorprendente que habendo consenso veciñal e político nas medidas expostas como nas expostas por outros grupos políticos e asociación veciñais, seis anos despois aínda non se produciran avances na tramitación do regulamento.

Outra cuestión destacable é a situación na que nos atopamos cos orzamentos participativos, onde apenas se produciron avances pola falta de valentía política dos xestores municipais.

No ano 2008, o goberno bipartito do Concello de Ourense apostou pola realización de obras que os veciños e veciñas demandasen. Neses anos traballouse en actuacións para pór en valor os barrios da cidade, as prazas, os parques, as áreas infantís, os accesos, os equipamentos, as estradas, o rebaixe de beirarrúas, ou a recuperación de camiños e as infraestruturas de diversa índole, favorecendo as aportacións e a participación cidadá na elaboración dos plans de inversións municipais.

Entre o 2015-2019, os socialistas aprobamos xunto ao goberno de Jesús Vázquez, un plan de obras de 12 millóns de euros coa participación dos colectivos veciñais de Ourense, suxerindo estas entidades actuacións concretas e demostrando o noso compromiso coa participación das asociacións de Ourense. Dende entón seguimos a esixir



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

a existencia dun orzamento participativo dotado con recursos suficientes que faga protagonistas aos colectivos na vida política municipal.

As eivas expostas non son sorprendentes tendo en conta as continuas faltas de respecto dende a alcaldía ás asociacións de veciños e aos seus representantes. Durante o presente mandato asistimos a situacións esperpénticas, chegando a escoitar denuncias dos colectivos veciñais ao actual rexedor, a quen acusaron do carácter "totalitario" e manifestaban "estar cansos das manipulacións" e de aguantar os insultos de xeito continuado ás súas entidades.

Por todos estes motivos, dende o grupo municipal socialista solicitamos o fortalecemento da área de participación cidadá proponendo os seguintes puntos de **ACORDOS**:

- 1. Dotar de persoal necesario á Concellería de Participación Cidadá, cubrindo as vacantes e as baixas que se poidan producir e permitindo, deste xeito, a correcta atención aos veciños, sobre todo na mellora da xestión administrativa para evitar os continuos retrasos que se producen na tramitación dos diferentes expedientes.*
- 2. Activar de forma definitiva a comisión de traballo para a reforma do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá, tendo en conta que as primeiras reunións para a súa adaptación datan de febreiro de 2016.*
- 3. Desenvolver un plan de orzamentos participativos real e efectivo que permita ás entidades veciñais de forma regulada aportar as súas opinións sobre o destino de ditos fondos.*

O Pleno do Concello, por vinte e tres votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja, don Manuel Álvarez Fernández e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dúas abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

**8.8 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de solicitude de conmemoración do IX Centenario da Carta de Recoñecemento da Cidade de Ourense**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo da súa historia, a cidade de Ourense foi obxecto de múltiples tensións e disputas polo control estratéxico, xurisdiccional e político da capital.

Tras a decadencia da cidade, froito das invasións árabes e normandas, nos séculos X e XI, Ourense inicia unha lenta recuperación e comeza a adquirir a súa preeminencia dentro do cuadrante sur oriental de Galicia, dada a súa condición episcopal, que logrou durante os tempos do reinado suevo. Desaparecida coa invasión musulmán, a sede auriense foi restaurada na época altomedieval, por obra do rei Alfonso III de Asturias, o que facilitou a reocupación dos seus edificios tradicionais na capital: a antiga catedral de San Martiño –restaurada no ano 1084 polo bispo Ederonio sobre as ruínas da antiga- e o palacio episcopal.

Historicamente, sitúase o primeiro recoñecemento institucional da cidade de Ourense no século XII, na *Carta Puebla* dada polo bispo Diego Velasco no ano 1122, na que se xustificaba como “volens quippe auriensis ciuitativas desolatione propensius restaurare” (quería librar máis doadamente á cidade de Ourense da desolación). Un recoñecemento que foi consecuencia da concesión do señorío da cidade a favor da igrexa e bispo de Ourense, feita polas fillas de Alfonso VI de León, co afán de vencellar a capital aos respectivos bandos en conflito.

Así, Urraca, sobriña da histórica dona Urraca de Zamora, e a súa media irmá Teresa, reinaron en Galicia e León, protagonizando continuos enfrontamentos por dominar os territorios que herdaron dos seus pais. Uns enfrontamentos que provocaron a independencia de Portugal e, ao mesmo tempo, puxeron en valor as terras da provincia ourensá, dada a súa posición estratéxica limítrofe.

Diego Velasco, o bispo auriense -do que mesmo sinalan que foi compañeiro de estudos do bispo Xelmírez de Santiago e formou parte do cabildo compostelán- tivo que soportar a presión exercida polos reinos de Portugal e León polo control do territorio de Ourense, considerado un enclave estratéxico pola súa situación limítrofe e cunha fronteira que aínda non estaba ben definida.

E o feito de que o bispo recibira as doazóns da raíña Teresa, froito do acordo coa súa irmá a reina Urraca, beneficiou á diocese de Ourense, no só desde o punto de vista político, senón tamén económico e comercial, pois incluía a realización dun mercado mensual na cidade, con garantías de protección e seguridade para todos os que acudirán a el: “*concedo ut médio mensis ad Auriensem burgum conueniant et securi et inlesi in eundo et in redeundo persistent*” (permiso para que a mediados de mes se reúnan nos dominios de Auriensis e permanezan a salvo e ilesos na súa ida e volta). Unha decisión que favoreceu que o núcleo auriense aumentase en poboación: “*do atque concedo Auriensi sedi ut sit ibi urbs ampliori plebe ornata*” (concedo e permito que Auriensis se asente alí, agraciada coa xente máis ampla).



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Posteriormente, no 1131, Alfonso VII, concederíalle á cidade de Ourense os *bonos foros* dos que disfrutaba tamén a vila de Allariz e o conxunto das terras da Limia, eximíndoas do pago do teloneo e portazgo, o imposto que gravaba o tránsito e venda de mercancías entre territorios e, en definitiva, concedéndolle á Ourense o título de cidade con todo o que implicaba o mesmo: “*do perenniter adque concedo ut sit in ea burgus sive civitas et quod populetis eam*”(outorgo e concedo perpetuamente nela un distrito e cidade sobre o que se asente a poboación).

A mediados do século XIII, o *concejo* de Ourense completaríase coas súas correspondentes *maxistraturas*, contando xa con cinco rexedores, un consello de homes bos, dous xuíces, ademais de varios persoeiros e un chanceler. Xuíces e rexedores que eran designados pola mitra, mais que desaparecerían en 1571, ao ser nomeado un correxedor, en 1571, polo rei Felipe II, atendendo as persistentes peticións da cidade, a causa da falta de xustiza. A comezos do século XVI, os rexedores serían xa oito.

En definitiva, a historia da cidade de Ourense durante todo o antigo réxime foi unha loita continua entre dous poderes, dunha parte os bispos e, doutra, o *concejo*, do que tamén formaban parte algúns representantes designados pola igrexa.

E desas loitas, o *concejo* foi adquirindo, pouco a pouco, máis liberdades, ata o punto de que baixo o reinado de Alfonso X, en 1256, a cidade négalle vasalaxe ao bispo a acorda renderlle tributo, directamente, ao rei, a quen acoden as dúas partes enfrontadas. O bispo e cabido reclamaron ante o monarca o recoñecemento do señorío xurisdiccional e territorial da cidade e o *concejo* amosou as súas queixas contra o estamento eclesiástico que pretendía seguir rexéndoa. A sentenza real foi que os xuíces, nomeados ata entón polo bispo, pasarían en adiante a ser elixidos de entre los *seis hombres buenos que el concejo le proponga*.

Mais a igrexa non se resignaría e seguiría intentando e, no 1531, o bispo consegue da reina a facultade de designar o *alcalde mayor*, e os xuíces pasan a depender do novo funcionario. Ante esta situación, o *concejo* acude a Real Audiencia para reclamar o nomeamento polo rei dun correxedor, o cal logra en 1571. A partires de entón, o poder real vaise afianzando e, con el, no 1628, o inicio da progresiva independencia política da cidade de Ourense da igrexa, que seguiría conservando diversas rexedorías, notarías e procuradorías, mais non a súa influencia, directa, sobre o goberno municipal da mesma.

Por todo o exposto, e tendo en conta os acontecementos históricos sinalados e documentados, desde o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presentamos para súa aprobación por parte desta Corporación Municipal as seguintes propostas de **ACORDOS**:

- 1. Habilitar unha partida específica, dentro dos orzamentos previstos polo concello do ano 2022, para a conmemoración e difusión do 900 aniversario da concesión da Carta Puebla de recoñecemento da cidade de Ourense, en colaboración coas***

*distintas administracións e entidades culturais e académicas vencelladas á mesma.*

- 2. Instar á Xunta de Galicia a incluír a conmemoración do IX centenario da concesión da Carta Puebla de recoñecemento da cidade de Ourense dentro da programación e promoción do Xacobeo 2022.*

*O concelleiro non adscrito Sr. Álvarez Fernández abandona o salón de plenos.*

*As concelleiras non adscritas, a Sra. Rodríguez Garrido e a Sra. Fernández Dibuja, encóntranse a ausentes durante a votación.*

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; dous votos en contra do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; e sete abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

**8.9 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar ao goberno municipal a que adopte todas as medidas necesarias para adquirir integramente o antigo edificio do colexio María Goretti, no casco histórico da cidade, proceder á súa rehabilitación e destinar o seu futuro uso a fins de carácter social, de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En **xullo de 2009**, aprobábase no pleno municipal unha modificación orzamentaria que incluía a compra do antigo edificio que albergaba o **Colexio María Goretti**, sito no **núm. 26 da rúa Liberdade**, por un importe de **425.000 €**. O inmovible é un dos poucos pazos que aínda quedan no casco histórico da cidade e daquelas xa se manifestaba que sería idóneo adquirilo e redactar un proxecto de rehabilitación de certo nivel para uso municipal.

O obxectivo inicial do goberno de PSOE e BNG naquel momento era adquirilo para convertelo nun centro municipal de formación, xa que a oferta existente daquelas neste





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

ámbito era exclusivamente o telecentro da rúa Progreso, as aulas de formación ocupacional do Campo da Feira e o Centro de Iniciativas Empresariais.

Anteriormente, en **setembro de 2007**, cando o edificio contaba xa coa declaración de ruína, a Policía Local tivera que proceder a desaloxar a 7 okupas, porque estaba a converterse nun perigoso refuxio para colectivos de gran vulnerabilidade social da cidade.

**A historia da compra-venta do edificio**, que dura xa máis dunha década, **estivo marcada por dous factores fundamentais**: *os problemas de herdanzas e as accións xudiciais emprendidas polo grupo municipal de Democracia Ourensana contra aquel goberno municipal.*

No **ano 2010**, o procedemento de adquisición do inmovible fíxose co visto bo de todos os técnicos municipais e paralizouse en primeira instancia por un problema habitual dos inmobles que se atopan no casco vello da nosa cidade: **as herdanzas**; que deu lugar a posteriori á anulación da compra-venta. Un dos herdeiros, como copropietario, solicitou que se procedese á extinción do acordo. O Concello acudiu aos tribunais para reclamarlle a súa parte, pero perdeu a demanda. O xulgado determinou que os vendedores, aos que se lle había pagado, carecían do dereito de propiedade e polo tanto facultades para a venta do edificio. Así pois, non era factible a división do inmovible mediante subasta pública por un motivo estritamente xurídico.

En **marzo de 2015** viría a **denuncia de Democracia Ourensana contra aquel goberno municipal de PSOE e BNG pola falida adquisición da Casa Goretti**, na previa ás eleccións municipais de maio daquel ano.

Pasadas xa as eleccións, en **xuño de 2015**, a fiscalía pedía o arquivo e sobresemento da denuncia ao non considerar ningún indicio de delito na actuación dos membros da Xunta de Goberno Local que adoptaron o acordo para a súa compra. **O arquivo definitivo da denuncia produciuse no ano 2016**, cando xa gobernaba no Concello de Ourense o Partido Popular.

No **ano 2017**, á espera da resolución xudicial e non sendo aínda o antigo inmoible titularidade municipal, **o voceiro de Democracia Ourensana propoñía un acordo co herdeiro que no seu momento se quedou fóra do acordo de venda e denunciou o procedemento**. Pérez Jácome dicía literalmente que *“el equipo de gobierno del PP es indolente y nosotros sabemos que se puede solucionar esa situación, negociando con una de las partes, que no estaba incluida inicialmente en los vendedores, pero que es legítimo heredero”*. O voceiro de DO engadía que habería que aboarlle a esa persoa 40.000 euros máis e adquirir a propiedade para non perder a inversión realizada ata aquel momento. Segundo o actual Alcalde de Ourense:

***“Si estuviese yo en el gobierno, lo solucionaría en 7 días, pero con este Alcalde (Jesús Vázquez Abad) y el juzgado (explosiva combinación), la cosa puede tardar décadas y mientras sin los 420.000 €.”***

En **outubro de 2019**, xa baixo o mandato do bipartito de PP e DO, chegaba a sentenza que desestimaba anular a compra-venta da Casa Goretti adquirida no ano 2010 pola administración. O daquela voceiro de DO, Miguel Caride manifestaba sobre a nova situación que *“non sabemos que facer”*.

O **15 de decembro de 2020**, o actual rexedor propón comprar o Edificio María Goretti durante a Xunta de Área de Urbanismo, a requirimento dos concelleiros socialistas. A proposta, segundo os técnicos municipais, pasa pola expropiación da parte restante do edificio por parte do Concello de Ourense.

Pois ben, nós sempre defendemos que **dado que o Concello de Ourense posúe o 95,17 % da Casa Goretti o conveniente sería adoptar as medidas necesarias para acadar o 4,83 % restante e adquirir definitivamente un inmoible singular para a súa rehabilitación, nunha aposta clara por revitalizar a zona sur do casco histórico da cidade.**

Existe un precedente anterior ao respecto, o **edificio municipal da Praza San Martiño** (antiga policía local), que á chegada ao goberno en 2007 de PSOE e BNG rematouse ca súa obtención definitiva por parte do Concello, porque o 10% do mesmo estaba en mans



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

privadas. Tamén é importante recordar que o inmovible da Casa Goretti, xa figura inscrito no Rexistro Municipal de Solares (posto en marcha polo anterior goberno bipartito) dende fai máis de 6 anos, co cal poderíase apelar á **LOUGA**, no seu artigo 190, e proceder a decretar a súa expropiación.

No momento actual as leis mudaron, pero é de relevancia a nivel municipal ter en conta para posibles actuacións neste inmovible, a **Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o seu regulamento**, ademais dos artigos 337 e ss, en especial o artigo 338 sobre venda forzosa; ou tamén a máis recente, a **Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia**, os artigos 24 e seguintes e tamén o artigo 56, que trata sobre o mesmo. **O único que faltaría é o consenso político e a vontade para conseguir converter este inmovible en ruínas nun novo equipamento útil para a nosa cidade.**

Finalmente, **consideramos que sería unha boa proposta, unha vez adquirida a parte pendente do inmovible do Antigo Colexio Maria Goretti, que o seu futuro uso se dedicara a servizos sociais, promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero por parte do Concello de Ourense, ante a necesidade crecente de instalacións e persoal para o reforzo e potenciación destes servizos, no marco tamén da recuperación e activación do noso casco histórico.**

A realidade é que a inacción política dos últimos anos fai que este inmovible sexa noticia nos últimos tempos, non pola súa axilidade na adquisición definitiva, nin polos seus futuros usos, senón pola invasión de maleza no seu interior e o seu abandono en pleno corazón da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes propostas de **ACORDOS**:

*1. Instar ao Goberno Municipal a que adopte de maneira urxente todas as medidas necesarias para acadar que o antigo edificio do Colexio María Goretti pase a ser titularidade municipal ao 100%.*

*2. Instar ao Goberno Municipal a que se comprometa a redactar un proxecto de rehabilitación da Casa Goretti, no marco do futuro Plan Especial do Casco Histórico de Ourense, co fin de de que sexa destinado o seu uso para fins sociais, de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero por parte do Concello de Ourense.*

### **Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

#### **EMENDA DE SUBSTITUCIÓN**

##### **TEXTO INICIAL :**

1.-Instar ao Goberno Municipal a que adopte de maneira urxente todas as medidas necesarias para acadar que o antigo edificio do Colexio María Goretti pase a ser titularidade municipal ao 100%.

2.-Instar ao Goberno Municipal a que se compreta a redactar un proxecto de rehabilitación da Casa Goretti, no marco do futuro Plan Especial do Casco Histórico de Ourense, co fin de que sexa destinado o seu uso para fins sociais, de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero por parte do Concello de Ourense.

##### **SUBSTITUCIÓN:**

2.- Instar ao goberno municipal para que requira ao equipo redactor, no marco do futuro Plan Especial do centro histórico de Ourense, a que manteña a cualificación da Casa Goretti como equipamento dotacional público, que permita a posibilidade de posterior destino do mesmo a calquera dos usos públicos que se puidesen precisar, incluíndo o uso para fins sociais, de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero

##### **NOVA REDACCIÓN FINAL:**



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

1.- Instar ao Goberno Municipal a que adopte de maneira urxente todas as medidas necesarias para acadar que o antigo edificio do Colexio María Goretti pase a ser titularidade municipal ao 100%.

2.- Instar ao goberno municipal para que requira ao equipo redactor, no marco do futuro Plan Especial do centro histórico de Ourense, a que manteña a cualificación da Casa Goretti como equipamento dotacional público, que permita a posibilidade de posterior destino do mesmo a calquera dos usos públicos que se puidesen precisar, incluíndo o uso para fins sociais, de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero

O Pleno do Concello, por vinte e dous votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dúas abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

### **8.10 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á elaboración e posta en marcha dun plan municipal contra a pobreza infantil no Concello de Ourense**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En xaneiro de 2020 e en maio de 2021 o pleno do Concello de Ourense abordou, a instancias do BNG, a situación daquelas veciñas e veciños que se atopan en situación de pobreza e risco de exclusión, adoptando ademais diversos acordos encamiñados á loita contra a pobreza no Concello de Ourense.

A posta en marcha dun plan de intervención comunitario que traballase a prol da incorporación á sociedade das persoas en situación de pobreza, a posta en marcha dun plan para a erradicación do chavolismo e das infravivendas, un plan municipal contra a pobreza e a exclusión social, a subsistencia das familias con escasos recursos e menores a cargo e mesmo a realización dun informe sobre a situación real da pobreza e a exclusión social no municipio foron algúns dos acordos acadados.

Lamentablemente desde entón nada se ten avanzado neste eido polo que volvemos incidir na necesidade de abordar esta problemática pois, desde o BNG, entendemos fundamental

por o foco e as políticas municipais ao servizo da veciñanza, prestando especial atención a aqueles máis vulnerábeis.

As obras e as infraestruturas son necesarias para que a cidade avance e mellore. Son un estímulo para a economía local mais tamén cómpre atender ás necesidades de todas aquelas persoas que, indistintamente dos motivos, se atopan en situación de pobreza e exclusión.

Por este motivo queremos incidir unha vez máis na necesidade de pór as políticas sociais e a atención á veciñanza máis vulnerábel do noso concello no centro da política municipal de cara aos vindeiros anos.

Outra cuestión que non é menor é que ditas políticas e prioridades teñan o seu traslado nos orzamentos municipais que o Goberno Local está a elaborar para o ano 2022. Se ao anterior lle engadimos unha crecente situación tanto de crise económica como social na que o concello deba liderar a recuperación e estar ao carón dos sectores da sociedade máis afectados, a necesidade dun orzamento adaptado é aínda máis necesario que nunca.

Os datos existentes e relativos á pobreza no conxunto do país son verdadeiramente alarmantes, en Ourense aínda o son máis polo que non podemos permanecer alleos a esta realidade.

Segundo a Rede Galega contra a pobreza e segundo o Informe “estado da pobreza en Galiza 2020” o 24,3% das galegas e galegos está en situación de pobreza ou exclusión social ou o que é o mesmo un 1,3% máis que o ano anterior.

Ourense ten a maior porcentaxe de pobreza de toda Galiza. Unha porcentaxe do 18,10% e dun 9,63% de persoas cuns ingresos equivalentes inferiores ao 50 - 60 % da media de ingresos equivalentes.

O concello non pode permanecer alleo a esta realidade e ten que por todos os recursos económicos e humanos necesarios para tentar minimizar os efectos que a pobreza e a exclusión ten para a sociedade en xeral. Non podemos permitirnol ter veciñas e veciños de primeira e de segunda.

Unha situación excepcional como na que estamos, require redobrar esforzos e adoptar medidas igualmente excepcionais polo que entendemos preciso un reforzo inmediato da Concellería de Asuntos Sociais no que a persoal e recursos se refire.

Hai uns días, coñecíase o alarmante aumento da pobreza infantil, situándose o Estado español como o terceiro de Europa cunha maior taxa de risco de pobreza e exclusión infantil. No noso país, en Galiza, a situación vívese con maior intensidade que noutros territorios. A situación das nenas e nenos depende da realidade e do contexto familiar no que se desenvolvan.

Como consecuencia da pandemia e a posterior crise económica e social, a situación laboral de moitas familias agravouse, dándose o paradoxo de que mesmo tendo un emprego, non se



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

evita caer na pobreza e na exclusión social, sendo ademais moito máis acuciante este feito en familias monoparentais encabezadas por mulleres con fillas e fillos, consecuencia directa da fenda salarial aínda existente a día de hoxe.

Ao anterior hai que engadirlle os aínda enormes déficits que presenta Galiza no que a cobertura social se refire, prestando escasa axuda ás familias no tocante a escolas infantís, axudas por fillos, permisos de maternidade e paternidade, dependencia e un longo etcétera.

Moitas nenas e nenos do noso concello están a padecer situacións extremas ou difíciles de entender para eles e é responsabilidade de todas e todos, a traves das institucións públicas, tentar paliar dita situación ou cando menos, minimizar os seus efectos e a incidencia que ten nas crianzas.

É preciso coñecer pormenorizadamente o número de persoas menores de 18 anos en situación de escaseza para deste xeito, implementar plans de choque. Cómpre potenciar os recursos sociais dispoñíbeis para os máis cativos, incluíndo axudas económicas mais tamén programas de garantía alimentar.

Facilitar a atención médica e educativa así como calquera outro servizo que fomente a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das crianzas en condicións dignas e suficientes. En definitiva, falamos de investir en ámbitos que melloren o crecemento e faciliten a saída da rapazada do noso concello da pobreza.

Segundo os datos do Alto Comisionado para a loita contra a pobreza infantil do Goberno do Estado, a 25 de novembro de 2021, o Concello de Ourense contaba con 15.224 menores de 18 anos, dos cales o 29,3% sofren pobreza infantil. A evolución de dita porcentaxe apenas varía desde o ano 2019 no que se situaba preto do 30% mentras que no conxunto de Galiza acadada o 26%.

Falamos de datos que, sen dúbida, invitan á reflexión e a tomarse moi en serio a situación na que se atopa boa parte da rapazada de hoxe que non nos esquezamos, son o presente e o futuro. Ficar parados ou mirar cara outro lado, non é unha opción.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción do seguinte

### ACORDO

**1.** Instar ao Goberno Local á elaboración e posta en marcha dun Plan Municipal de loita contra a pobreza infantil no Concello de Ourense e a dispór dos recursos orzamentarios suficientes para ser implementado.

*O concelleiro Araújo Fernández abandona o salón de plenos ás 13.30 horas.*

*A concelleira Reza Álvarez abandona o salón de plenos ás 13.43 horas.*

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

### **8.11 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á mellora da coordinación entre administracións que permita o desenvolvemento integral do termalismo como elemento de dinamización socio-económica de Ourense**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Que o sector termal en Ourense é un elemento estratéxico para o desenvolvemento socio-económico da cidade e por extensión de toda a súa área de influencia é algo que non se lle deba escapar a ningún.

Ourense naceu ao pé das Burgas antes mesmo de que os soldados romanos pisasen estas terras. Resulta paradoxal que tivesen que pasar case dous mil anos para que a cidade se volvese decatarse de que nas augas termais estaba o seu futuro. Hoxe podemos gabarnos de ser a capital termal de Galiza e de ter un futuro ilusionante como espazo de referencia internacional.

Todo lugar precisa neste mundo globalizado do século XXI dunha etiqueta ou marca diferenciadora que lle permita identificarse se quere ter unha posición de privilexio para acceder ao mercado, sexa este nacional, estatal ou mesmo internacional.

En Ourense non temos que buscala ou inventala, a particular xeografía fornécenola desde hai moitísimo tempo. O que temos que facer é tirarlle proveito, facer que o termalismo sexa a marca de distinción externa de Ourense e o noso factor de cohesión e identificación interna. En definitiva, a peza chave do noso desenvolvemento sustentábel.

Para conquistar estes obxectivos debemos enfocar o termalismo desde unha perspectiva múltiple e integradora, pensar na economía, no turismo, ou na innovación, mais tamén na saúde, o benestar e mesmo a identidade.

Cómpre desenvolver o Plan Estratéxico Termal e deseñar un novo Plan Integral de Desenvolvemento do Sector Termal. Cómpre abordar o termalismo como elemento capital e transversal a todas as concellerías, desde a de turismo á de saúde, pasando polas de cultura, educación, deportes ou persoal.

É preciso promover a construción de novos equipamentos hoteleiros que fortalezan a oferta existente na actualidade e deseñar, xunto con outras administracións, campañas específicas de posicionamento turístico.





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Existen documentos de traballo, como é o Plan Estratéxico Termal aprobado no seu día polo propio Concello de Ourense. A nivel provincial existen tamén programas neste eido e mesmo a nivel galego, a Xunta de Galiza aprobou no seu día o denominado “Ourense, provincia termal” ou o que é o mesmo, o plan de turismo termal para a provincia de Ourense.

Resulta evidente que a descoordinación existente entre as diferentes administracións implicadas, é dicir, Concello, Deputación e Xunta, está a dificultar enormemente o desenvolvemento e explotación de todo o potencial que Ourense ten en materia termal, pese a ser un elemento único e diferenciador a nivel europeo.

Ao anterior hai que engadirlle que a Lei 8/2019, do 23 de decembro, reguladora do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza, lonxe de contribuir ao desenvolvemento termal, está supondo un serio atranco ao impór unha serie de requisitos de moi difícil implementación e que de facto, remata co modelo termal de Ourense, algo que o BNG denunciou desde o primeiro momento, chegando a solicitar no Parlamento galego, a retirada do Proxecto de Lei.

O PP afirmou que nada diso acontecería e que a lei o que facía era potenciar e protexer dito modelo, na actualidade, e por desgraza, estamos a ver como aquelas advertencias tiñan razón de ser, ate o punto de que na actualidade o sector termal de Ourense permanece absolutamente inactivo, chegando a recoñecer o propio Partido Popular a necesidade de flexibilizar ou mesmo deixar en suspenso algunhas das esixencias da citada lei.

O que se plantexa nesta moción é a necesidade de que Concello, Xunta e Deputación actúen conxuntamente en materia termal, coordinando actuacións, proxectos e cooperando no financiamento de todas aquelas inversións precisas para que Ourense sexa verdadeiramente a Capital Termal de Galiza.

Cómpre actuar conxuntamente na promoción e dinamización do termalismo como elemento diferenciador. Cómpre por en marcha de xeito coordinado, campañas específicas de posicionamento turístico, prestando especial atención ao turismo de proximidade pero pondo os ollos tamén no mercado europeo. A chegada da alta velocidade a Ourense é outro dos motivos que debe motivar dita coordinación nas actuacións a levar a cabo.

Entendemos polo tanto necesario mellorar a coordinación entre as distintas administracións con competencias en materia turística e termal e que xunto ao sector privado, participen no fomento e potenciación do ámbito termal de Ourense para impulsar definitivamente ao sector e por extensión o desenvolvemento socio – económico de Ourense.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción do seguinte

### ACORDO

**1.** Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense á mellora e impulso da coordinación entre Concello, Xunta e Deputación para o desenvolvemento do Plan Estratéxico e de

Competitividade turística da cidade de Ourense, que permita o desenvolvemento integral do termalismo como elemento de dinamización socio – económica de Ourense.

O Concello Pleno de Ourense, por vinte votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dous votos en contra do Grupo Municipal do Grupo de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

## **FÓRA DO ORDE DO DÍA**

### **8.12 Renuncia ao cargo de concelleiro de don José Miguel Caride Domínguez**

Preséntase o escrito de renuncia ao cargo de don José Miguel Caride Domínguez, que solicita se dea traslado ao pleno na primeira sesión que se celebre, que é o día de hoxe. Ao no estar incluído o asunto na orde do día, en primeiro lugar se somete a votación a urxencia, co seguinte resultado: Apróbase a urxencia por unanimidade.

Dáse conta á corporación do escrito presentado no Rexistro do Concello o 2 de decembro de 2021 polo concelleiro don José Miguel Caride Domínguez, no que formula a súa renuncia á condición de concelleiro.

O artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que o concelleiro perderá a súa condición pola renuncia, que se deberá facer efectiva ante o Pleno da corporación.

Por todo o exposto, por asentimento unánime, o Concello Pleno adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Toma coñecemento da renuncia da súa condición de concelleiro que fai DON JOSÉ MIGUEL CARIDE DOMÍNGUEZ, declarar a vacante e remitir certificado á Xunta Electoral Central, para os efectos de proceder á súa substitución conforme ao disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Segundo.- Para os efectos do que dispón a Instrución do 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central, a xuízo desta corporación, o nome da persoa a quen corresponde cubrir a vacante, por ser o seguinte na lista de candidatos nas eleccións locais de 2019 presentados por Democracia Ourensana e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, é DON ANTONIO FERNÁNDEZ MARTÍN.